



**Prego de cláusulas administrativas
particulares para a contratación do**

**Subministración e Cesión de Dereitos de
Uso para a plataforma SIEM (Security
Information and Event Management), en
modalidade SaaS da ferramenta Splunk
ou equivalente**

CPV 48730000-4

Paquetes de software de seguridade

Xullo

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARA A CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E CESIÓN DE DEREITOS DE USO PARA A PLATAFORMA SIEM (SECURITY INFORMATION AND EVENT MANAGEMENT), EN MODALIDADE SAAS DA FERRAMENTA SPLUNK OU EQUIVALENTE

PROCEDEMENTO ABERTO

MÚLTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

TRAMITACIÓN ORDINARIA

Expediente: CX-24-02

CADRO RESUMO

A. PODER ADXUDICADOR

O poder adxudicador deste contrato é o Consorcio para o Desenvolvemento de Aplicacións para a Xestión Universitaria (en diante, CIXUG).

O órgano de contratación será o presidente do Consello de Goberno do CIXUG ou a persoa que, por delegación, actúe no seu nome

B. OBJECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato consiste na subministración e cesión de dereitos de uso do actual **tenant de Splunk Cloud Platform ou equivalente** para as tres universidades públicas (Universidade da Coruña), Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo) do Sistema universitario galego (en adiante SUG) a través do Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (en adiante CIXUG).

- CPV: 48730000-4 Paquetes de software de seguridade.
- Lotes: Non.
- O contrato está suxeito a regulación harmonizada

C. CONTRATO RESERVADO

No

D. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (Véxase Anexo I)

Importe de licitación	Tipo IVE aplicable: 21%	Orzamento base de licitación
IVE excluído	Importe IVE	IVA incluído
241.800,00 €	50.778,00 €	292.578,00 €

E. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO

VALOR ESTIMADO DEL CONTRATO	Detalles
Importe de licitación (IVE excluído)	241.800,00 €
Incremento de unidades de execución	Non aplica
Importe das modificacións previstas (IVE excluído).	48.360,00 €
Importe dos premios ou primas pagadoiros aos licitadores (IVE excluído)	Non aplica
Importe das opcións eventuais (IVE excluído)	Non aplica
Prórroga (IVA excluído)	120.900,00 €
Total, Valor Estimado	411.060,00 €

F. EXISTENCIA DE CRÉDITO

Distribución de Anualidades	Total, sen IVE
Anualidade 2025	120.900,00 €
Anualidade 2026	120.900,00 €
Anualidade 2027	120.900,00 €

Total	362.700,00 €
--------------	---------------------

G. PLAZO DE DURACIÓN

Duración do contrato:	2 anos
Prórroga:	Si
Duración da prórroga:	1 ano
Prazo de aviso previo:	Non aplica

H. PRAZO DE GARANTÍA

Non se exige garantía.

I. ADMISIBILIDADE DE VARIANTES

Non

J. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN DO CONTRATO

As previstas na Cláusula 48 deste prego.

K. REVISIÓN DE PREZOS

Non existe revisión de prezos.

L. GARANTÍA PROVISIONAL

Non se exige.

M. GARANTÍA DEFINITIVA

Si	COMPLEMENTARIA
5 % do importe de adxudicación, IVE excluído.	Non exixida

N. SUBROGACIÓN EN CONTRATOS DE TRABAJO

Non

O. SUBCONTRATACIÓN

Si, nos termos previstos na cláusula 55.

P. MODIFICACIÓNS CONTRACTUAIS PREVISTAS

Non

Q. RÉXIME DE RECURSOS

Recursos administrativos: recurso especial en materia de contratación para os actos que son obxecto deste recurso. Para o resto de actos, recurso potestativo de reposición.

Órgano perante o que interpoñer o recurso: O recurso especial perante o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

O recurso potestativo ante o presidente do Consello de Goberno do CIXUG.

R. CESIÓN DO CONTRATO

Si

ÍNDICE

DISPOSICIÓN XERAIS	10
CAPÍTULO I. Réxime xurídico xeral da contratación	10
Cláusula 1ª. Réxime xurídico do contrato	10
Cláusula 2ª. Xurisdición competente e recursos	11
Cláusula 3ª. Do órgano de contratación	13
Cláusula 4ª. Mesa de contratación	13
Cláusula 5ª. O responsable do contrato	14
CAPÍTULO II. Do contrato	14
Cláusula 6ª. Necesidade do contrato	14
Cláusula 7ª. Obxecto do contrato	15
Cláusula 8ª. Réxime económico: Valor estimado do contrato (VEC), Orzamento Base de Licitación (OBL) e prezo do contrato	15
Cláusula 9ª. Revisión de prezos	19
Cláusula 10ª. Existencia de crédito	19
Cláusula 11ª. Prazo e lugar de execución do contrato	19
CAPÍTULO III. Dos licitadores	19
Cláusula 12ª. Aptitude para contratar	19
Cláusula 13ª. Clasificación e Solvencia	21
Cláusula 14ª. Requisitos mínimos de solvencia exixibles	22
Cláusula 15ª. Integración da solvencia con medios externos	22
DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO	23
CAPÍTULO IV. Normas xerais	23
Cláusula 16ª. Publicidade da licitación	23
Cláusula 17ª. Notificacións telemáticas	24
Cláusula 18ª. Procedemento de adxudicación aplicable	24
Cláusula 19ª. Sobre os criterios de adxudicación	24
Cláusula 20ª. Criterios de adxudicación aplicables e a súa ponderación ..	25
Cláusula 21ª. Criterios de desempate	25
Cláusula 22ª. Ofertas anormalmente baixas	26
Cláusula 23ª. Actuacións ante condutas colusorias	28

Cláusula 24 ^a . Garantías.....	30
CAPÍTULO V. Das proposicións.....	31
Cláusula 25 ^a . Presentación das ofertas.....	31
Cláusula 26 ^a . Lugar e prazo de presentación.....	32
Cláusula 27 ^a . Forma e contido das ofertas.....	32
CAPÍTULO VI. Da adxudicación e perfeccionamento do contrato.....	39
Cláusula 28 ^a . Cualificación da documentación presentada, valoración e apertura de proposicións	39
Cláusula 29 ^a . Proposta de adxudicación e presentación de documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos para contratar.	40
Cláusula 30 ^a . Decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e desistencia do procedemento de adxudicación polo CIXUG	43
Cláusula 31 ^a . Aclaración de ofertas.....	44
Cláusula 32 ^a . Adxudicación do contrato	44
Cláusula 33 ^a . Notificación da adxudicación	44
Cláusula 34 ^a . Formalización do contrato: prazo e contido.....	45
Cláusula 35 ^a . Deber de confidencialidade	48
Cláusula 36 ^a . Protección de datos de carácter persoal.	50
Cláusula 37 ^a . Clausulado básico do contrato de encargado de tratamento de datos persoais.....	56
Cláusula 38 ^a . Propiedade intelectual e industrial.....	56
DA EXECUCIÓN DO CONTRATO	57
CAPÍTULO VII. Disposicións xerais.....	57
Cláusula 39 ^a . Cumprimento do contrato	57
Cláusula 40 ^a . Risco e ventura	57
Cláusula 41 ^a . Cumprimento de prazos e correcta execución do contrato .	57
Cláusula 42 ^a . Sancións.....	58
Cláusula 43 ^a . Prerrogativas e atribucións do CIXUG	60
Cláusula 44 ^a . Resolución de incidencias	60
CAPÍTULO VIII. Dereitos e obrigas do contratista.....	61
Cláusula 45 ^a . Pagamento do prezo	61
Cláusula 46 ^a . Obrigas do contratista	62

Cláusula 47ª. Persoal do contratista.....	63
Cláusula 48ª. Condicións especiais de execución.....	65
Cláusula 49ª. Responsabilidade do contratista por danos e perdas a terceiros	67
Cláusula 50ª. Entrega e recepción	67
Cláusula 51ª. Gastos de entrega e recepción	67
Cláusula 52ª. Vicios ou defectos durante o prazo de garantía	67
CAPÍTULO IX. Sucesión, cesión e subcontratación.....	68
Cláusula 53ª. Sucesión do contrato.....	68
Cláusula 54ª. Cesión do contrato	69
Cláusula 55ª. Subcontratación	70
CAPÍTULO X. Modificación e suspensión do contrato	72
Cláusula 56ª. Modificación do contrato.....	72
Cláusula 57ª. Suspensión do contrato.....	73
DA EXTINCIÓN DO CONTRATO	73
CAPÍTULO XI. Cumprimento do contrato.....	73
Cláusula 58ª. Extinción por cumprimentación	73
CAPÍTULO XII. Da resolución do contrato	74
Cláusula 59ª. Resolución do contrato.....	74
ANEXO I. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.....	77
ANEXO II. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	79
ANEXO III. MODELO DE DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC)	81
ANEXO IV. MODELO DECLARACIÓN RESPONSABLE COMPLEMENTARIA A PRESENTAR POR TODOS LOS LICITADORES	105
ANEXO V. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE RELATIVA A ATOPARSE AO CORRENTE DO CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE CONTAR CUN DOUS POR CENTO DE TRABALLADORES CON DISCAPACIDADE OU ADOPTAR AS MEDIDAS ALTERNATIVAS CORRESPONDENTES E AO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS ESTABLECIDAS NA NORMATIVA VIXENTE EN MATERIA LABORAL, SOCIAL E DE IGUALDADE EFECTIVA ENTRE MULLERES E HOMES.	109

ANEXO VI. MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA y DEMÁS ELEMENTOS VALORABLES DE FORMA OBJETIVA.	111
ANEXO VII. MODELO DE DECLARACIÓN DE CONFIDENCIALIDADE DE DATOS E DOCUMENTOS	114
ANEXO VIII. CLAUSULADO BÁSICO DEL CONTRATO DE ENCARGADO DE TRATAMIENTO DE PROTECCIÓN DE DATOS.....	115

DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I. Réxime xurídico xeral da contratación

Cláusula 1ª. Réxime xurídico do contrato.

- 1.1 O contrato que se adxudique seguindo este prego de cláusulas administrativas particulares (en diante, PCAP) terá **carácter administrativo** na súa condición de contrato de subministración celebrado por un **poder adxudicador que é administración pública**.
- 1.2 Este contrato rexerese, en canto á súa preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción polo disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP).
- 1.3 En todo o non previsto neste prego, resultará de aplicación o disposto na LCSP e, na medida en que non se opoñan a ela, polo sinalado no Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (RD 817/2009); polo Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se proba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RGLCAP), o Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- 1.4 Con carácter supletorio, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo -en particular, a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC)- e, no seu defecto, as normas de dereito privado (artigo 25.2 da LCSP).
- 1.5 As partes quedan sometidas ao establecido neste PCAP, así como ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), cuxas cláusulas se consideran parte integrante do contrato (artigo 122.4 da LCSP). Ámbolos dous pregos e demais documentos teñen carácter contractual, e deberán ser asinados en proba de conformidade polo adxudicatario no mesmo acto de formalización do contrato.
- 1.6 En caso de discordancia entre este PCAP e o resto dos documentos

contractuais, prevalecerá este prego.

- 1.7 O descoñecemento das cláusulas do contrato en calquera dos seus termos, dos demais documentos contractuais, e das instrucións ou da normativa que resulte de aplicación na execución do pactado, non exime o adxudicatario da obriga de cumprilas.
- 1.8 De existir no expediente administrativo diferencias nos documentos en lingua castelá e en lingua galega, prevalecerá o redactado en lingua castelá.

Cláusula 2ª. Xurisdición competente e recursos

- 2.1 O contrato de subministración a que se refire este PCAP ten a natureza de contrato administrativo polo que corresponde á xurisdición contencioso-administrativa o coñecemento das cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción do contrato.
- 2.2 Serán susceptibles de recurso especial en materia de contratación previo á interposición do contencioso-administrativo as actuacións relacionadas a continuación:
 - 2.2.1. Os anuncios de licitación, os pregos e os documentos contractuais que establezan as condicións que deban rexer a contratación.
 - 2.2.2. Os actos de trámite adoptados no procedemento de adxudicación, sempre que estes decidan directa ou indirectamente sobre a adxudicación, determinen a imposibilidade de continuar o procedemento ou produzan indefensión ou perdas irreparables a dereitos ou intereses lexítimos. En todo caso considerarase que concorren as circunstancias anteriores nos actos da mesa ou do órgano de contratación polos cal se acorde a admisión ou inadmisión de licitadores, ou a admisión ou exclusión de ofertas, incluídas as ofertas que sexan excluídas por resultaren anormalmente baixas como consecuencia da aplicación do artigo 149 da LCSP.
 - 2.2.3. Os acordos de adxudicación.
 - 2.2.4. Os acordos de modificación contractual excepcións no incumprimento do establecido nos artigos 204 e 205 da LCSP, por entender que a modificación debeu ser obxecto dunha nova adxudicación.
- 2.3 As actuacións anteriores non serán susceptibles de recurso administrativo ordinario.

- 2.4 A interposición do recurso especial é potestativa.
- 2.5 O prazo para a súa interposición é de 15 días hábiles computados do modo que establece o artigo 50 en conexión coa DA 15ª LCSP.
- 2.6 O órgano competente para coñecer do recurso será o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGal).
- 2.7 A tramitación do recurso especial polo TACGal rexerese pola LCSP, cuxo artigo 54 rubricado "Comunicacións e notificacións", dispón que as comunicacións e o intercambio de documentación entre os órganos competentes para a resolución dos recursos, os órganos de contratación e os interesados no procedemento faranse por medios electrónicos. O enlace para a presentación electrónica do recurso é o seguinte: <https://tacgal.xunta.gal/procedementos.html>. Para maior información pódese consultar <https://tacgal.xunta.gal>
- 2.8 Contra a resolución do TACGal caberá recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia [artigos 46 e 10.1.k) LXCA].
- 2.9 Dado que o recurso especial ten carácter potestativo, tamén se poderá optar, alternativamente, por acudir de modo directo á xurisdición contencioso-administrativa interpondo o pertinente recurso contencioso no prazo de dous meses perante os xulgados do contencioso-administrativo (artigo 8.1 LXCA).
- 2.10 As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, efectos e resolución do contrato serán resoltas polo órgano de contratación cuxos acordos poñen fin á vía administrativa.

Tales acordos, cando non proceda recurso especial de conformidade co artigo 44.2 LCSP e sexan susceptibles de impugnación (artigo 112.1 LPAC), poderán ser impugnados potestativamente en reposición no prazo dun mes, perante o mesmo órgano de contratación ou directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa (artigo 123.1 LPAC) no prazo de 2 meses perante os xulgados do contencioso-administrativo.

Interposto o recurso potestativo de reposición non se poderá interpoñer recurso contencioso ata que aquel sexa resolto ou se produza silencio administrativo negativo polo transcurso dun mes desde a súa interposición sen que se notificase a resolución (artigo 123.2 LPAC).

2.11 Contra a resolución do recurso potestativo de reposición ou contra o silencio negativo producido, cabe recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo. O prazo para interpoñer este recurso contencioso é de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa (artigo 46 LXCA); a impugnación do silencio negativo, en cambio, non está suxeita a prazo máximo de interposición de conformidade coa doutrina constitucional recollida na STC 52/2014, do 10 de abril.

Cláusula 3ª. Do órgano de contratación

- 3.1 A representación das entidades do sector público en materia contractual correspóndelles ós órganos de contratación, unipersoais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou regulamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de celebrar contratos no seu nome (artigo 61.1 da LCSP).
- 3.2 O órgano de contratación é o presidente do Consello de Goberno do CIXUG, ou a persoa en quen este delegue.

Cláusula 4ª. Mesa de contratación

- 4.1 Para a adxudicación do contrato o órgano de contratación estará asistido por unha mesa de contratación constituída de conformidade co previsto no artigo 326 da LCSP e demais normativa de desenvolvemento.
- 4.2 A mesa de contratación, como órgano de asistencia técnica especializada, exercerá as seguintes funcións, entre outras que se lle atribúan na LCSP e no seu desenvolvemento regulamentario:
- A cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos a que se refiren os artigos 140 e 141 da LCSP, e, se é o caso, acordar a exclusión dos candidatos ou licitadores que non acrediten o dito cumprimento, logo de trámite de emenda.
 - A valoración das proposicións dos licitadores.
 - Se é o caso, a proposta sobre a cualificación dunha oferta como anormalmente baixa, logo de tramitación do procedemento correspondente.
- 4.3 A proposta ó órgano de contratación de adxudicación do contrato a favor do licitador que presentase a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 150 da LCSP, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

- 4.4 Os membros da mesa serán nomeados polo órgano de contratación e a súa composición publicárase no perfil do contratante.
- 4.5 A mesa de contratación poderá solicitar o asesoramento de persoal técnico ou de persoas expertas independentes con coñecementos acreditados nas materias relacionadas co obxecto do contrato. Esta asistencia será autorizada polo órgano de contratación e deberá ser reflectida expresamente no expediente, con referencia ás identidades das persoas técnicas ou expertas asistentes, a súa formación e a súa experiencia profesional.

Cláusula 5ª. O responsable do contrato

- 5.1 A persoa responsable do contrato designada polo órgano de contratación é a que desempeñe a xerencia do CIXUG. A ela corresponde, de acordo co artigo 62.1 da LCSP, supervisar a execución do contrato, adoptar as decisións oportunas e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

CAPÍTULO II. Do contrato

Cláusula 6ª. Necesidade do contrato

- 6.1 O contrato que se pretende licitar é necesario para o cumprimento e realización das finalidades institucionais do Consorcio CIXUG e as universidades públicas da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (en diante as universidades do SUG) que o integran. A natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir coa licitación, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas foron determinadas con precisión neste prego, no Prego de Prescricións Técnicas e na memoria xustificativa.
- 6.2 Nin o CIXUG nin as universidades do SUG, dispoñen, nin dos medios necesarios para proverse da subministración, nin do persoal coa especialización requirida para cubrir as subministracións requiridas coas garantías necesarias.
- 6.3 Faltan, ademais, as ferramentas de traballo propias para desenvolver estes subministracións. Para os efectos de idoneidade do obxecto e contido do contrato, as necesidades que se pretenden cubrir son as que se indican expresamente neste prego, no prego de prescricións técnicas e na memoria xustificativa.
- 6.4 Para lograr estes obxectivos, a contratación deste servizo debe estar

dispoñible a finais do 2024 que é cando expira o actual contrato.

Cláusula 7ª. Obxecto do contrato.

7.1 O obxecto do contrato consiste na subministración e cesión de dereitos de uso do actual tenant de Splunk Cloud Platform ou equivalente para as tres universidades públicas (Universidade da Coruña), Universidade de Santiago de Compostela e Universidade de Vigo) do Sistema universitario galego (en adiante SUG) a través do Consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (en adiante CIXUG).

Esta licenza deberá contar cun mínimo de 10 unidades SVCs (Splunk Virtual Compute), capacidade para recibir e procesar 150 GBytes diarios e ofrecer 13.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Searchable (DDAS) e 41.500 GBytes de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Archive (DDAA).

A solución, entregada en formato SaaS nativo polo fabricante, será dedicada e exclusiva para o SUG, sen compartir con outros clientes. O licitante deberá incluír o SLA de dispoñibilidade da plataforma e asegurar a conservación de todos os datos existentes na instancia actual.

Ademais, subministrárase licenza de uso do software Cribl Stream, en cada universidade, e levaranse a cabo as tarefas necesarias de administración e mantemento dos servidores e do software on premise que sexan necesarios.

7.2 O código CPV relativo ás subministracións obxecto deste contrato é: 48730000-4 Paquetes de software de seguridade.

Cláusula 8ª. Réxime económico: Valor estimado do contrato (VEC), Orzamento Base de Licitación (OBL) e prezo do contrato

8.1 Valor estimado del contrato (VEC)

O valor estimado deste contrato, calculado de conformidade co disposto no artigo 101 da LCSP, é o seguinte:

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	Detalles
Importe de licitación (IVE excluído)	241.800,00 €

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	Detalles
Incremento de unidades de execución	Non aplica
Importe das modificacións previstas (IVE excluído)	48.360,00 €
Importe dos premios ou primas pagadoiros aos licitadores (IVE excluído)	Non aplica
Importe das opcións eventuais (IVE excluído)	Non aplica
Prórroga (IVE excluído)	120.900,00 €
Total, Valor Estimado	411.060,00 €

8.2 Orzamento base de licitación (OBL)

De acordo co artigo 100 da LCSP, o orzamento base de licitación é o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE.

Neste contrato, o dito OBL é o seguinte:

Importe de licitación	Tipo IVE aplicable: 21%	Orzamento base de licitación
IVE excluído	Importe IVE	IVE incluído
241.800,00 €	50.778,00 €	292.578,00 €

O OBL foi elaborado de acordo co disposto no artigo 100 da LCSP. O seu cálculo inclúe os impostos de calquera natureza.

A determinación do prezo realizouse con base na experiencia do CIXUG na contratación deste tipo de subministracións e considerando unha media dos prezos de mercado no momento actual.

Para a determinación do orzamento base de licitación utilizouse unha estimación, meramente orientativa, dos custos directos e indirectos

derivados da execución do que constitúe o obxecto do contrato, sen que a dita distribución entre custos directos e indirectos vincule de ningún modo aos distintos licitadores. Este orzamento base de licitación responde á seguinte estrutura:

Costes directos	Costes indirectos	IVE
98%	2%	21%
236.964,00 €	4.836,00 €	50.778,00 €

Para o cálculo do prezo estimado, consideráronse os prezos unitarios das licenzas solicitadas, segundo as propostas dos licitadores do expediente de contratación inicial do proxecto UniSOC:

- **Expediente UDC-2022-0023:** Implantación dunha xeración de xestión de eventos e información de seguridade (Security Information and Event Management, en diante SIEM) en modalidade Software as a Service (SaaS), que proporcione servizo ás tres universidades públicas galegas. (<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=805438&lang=gl>)
 - Segundo estas propostas, os custos que serven de base para o cálculo do valor estimado do contrato son os seguintes:
 - Licenzas: 180.000 €
 - Ampliación de licenzas: 38.800 €
 - Soporte e mantemento de equipamento e software on premise: 20.000 €
 - Formación: 3.000 €
 - Os importes anteriores no seu conxunto suman a cantidade de 241.800,00 € que coincide co importe da actual licitación.

Dado o resultado anteriormente indicado, e as necesidades de licencias por universidades os datos son:

Universidades SUG	Estimado Sen IVE	Total
A Coruña	40.300,00 €	40.300,00 €
Santiago de Compostela	40.300,00 €	40.300,00 €
Vigo	40.300,00 €	40.300,00 €

Universidades SUG	Estimado Sen IVE	Total
Total	120.900,00 €	120.900,00 €

Pola xustificación e argumentación anterior, o prezo deste contrato fixouse a tanto alzado, partindo de proxeccións de prezos de mercado para o produto de software que se pretende contratar, e comprende a totalidade dos gastos aos que terá que facer fronte o adxudicatario tanto para atender a subministración en si mesmo, como para a súa instalación no caso de licenzas en rede, así como para o aseguramento dos traballos de soporte, incluída a parte correspondente a beneficios e gastos xerais. Polo tanto, o sistema de determinación do prezo, para efectos do seu aboamento polo contratista, é de tanto alzado, de conformidade co disposto no artigo 309 da LCSP.

8.3 Expediente de tramitación anticipada

Condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os anos 2025, 2026 e 2027.

(1) Distribucións anuais

Distribución de Anualidades	Total, sen IVE
Anualidade 2025	120.900,00 €
Anualidade 2026	120.900,00 €
Anualidade 2027	120.900,00 €
Total	362.700,00 €

8.4 Prezo do contrato

Este contrato terá un prezo certo expresado en euros que se corresponderá co que resulte da adxudicación deste. No prezo do contrato consideraranse incluídos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, así como tódolos gastos que se orixinen para o adxudicatario como consecuencia do cumprimento das obrigas recollidas neste prego. Así mesmo, no prezo entenderase incluído o importe que se

vai aboar en concepto de IVE, que deberá indicarse como partida independente.

Cláusula 9ª. Revisión de prezos

9.1 Neste contrato, de conformidade co artigo 103 da LCSP, non procede a revisión de prezos.

Cláusula 10ª. Existencia de crédito

10.1 Existe crédito suficiente para o ano 2025 e condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos do Consorcio CIXUG para os anos 2026 e 2027.

Cláusula 11ª. Prazo e lugar de execución do contrato

11.1 O prazo de execución será o que figure no número G do cadro-resumo.

11.2 Este prazo comezará a contar desde o día seguinte a aquel en que se formalice o contrato coa empresa adxudicataria.

11.3 Se ao vencemento deste contrato non se formalizase o novo contrato que garante a continuidade da subministración como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, poderase prorrogalo presente contrato ata que comece a execución do novo e, en todo caso, por un período máximo de nove meses, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicase cunha antelación mínima de tres meses respecto da data de finalización deste contrato. Durante esta prórroga non se poderán modificalas restantes condicións do contrato.

11.4 O lugar de execución ou entrega do contrato serán as instalacións das universidades que integran o Sistema Universitario de Galicia.

CAPÍTULO III. Dos licitadores

Cláusula 12ª. Aptitude para contratar

12.1 Á adxudicación deste contrato poderán optar as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que reúnan as condicións seguintes:

a) que, de conformidade có artigo 65 da LCSP, teñan plena capacidade xurídica e de obrar,

- b) que non estean incursas en ningunha prohibición de contratar do artigo 71 da LCSP,
- c) que contén coa habilitación empresarial ou profesional suficiente para a realización da actividade que constitúe o obxecto deste contrato,
- d) que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica, de conformidade co establecido neste prego e no PPTP.
- e) cando, por así determinalo a normativa aplicable, se lle requiran ó contratista determinados requisitos relativos á súa organización, destino dos seus beneficios, sistema de financiamento ou outros para poder participar no procedemento de adxudicación, estes deberán ser acreditados polos licitadores ó concorrer ó procedemento.

12.2 As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

12.3 A capacidade de obrar das empresas españolas persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución ou modificación inscrita no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible conforme a lexislación mercantil. Cando non o sexa, acreditarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, nos que consten as normas que regulan a súa actividade, inscritos, se é o caso, no correspondente rexistro oficial. Tamén hai que achegar o NIF da empresa.

12.4 A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo, de conformidade cos artigos 67 e 84.2 da LCSP, acreditaranse mediante a inscrición nos rexistros profesionais ou mercantís oportunos do seu Estado membro de establecemento ou a presentación dunha declaración xurada ou unha das certificacións que se indican no anexo XI da Directiva 2014/24/UE.

12.5 Respecto ás empresas estranxeiras non comunitarias, observarase o disposto nos artigos 68.1, 84.3 da LCSP e 10 do RGLCAP, este último en canto non se opoña á da LCSP. Así:

- a) A capacidade de obrar das empresas estranxeiras de Estados non membros da Unión Europea nin signatarios do Acordo sobre Espazo Económico Europeo acreditarase coa achega dun informe emitido pola misión diplomática permanente ou pola oficina consular de España do lugar do domicilio da empresa, en que conste, logo de

acreditación pola empresa, que figuran inscritas no rexistro local profesional, comercial ou análogo, ou, no seu defecto, que actúan habitualmente no tráfico local dentro do ámbito das actividades que abrangue o obxecto do contrato; todo iso de acordo cos artigos 84.1 e 10 do RGLCAP.

- 12.6 Así mesmo, de conformidade co artigo 68.1 da LCSP, sen prexuízo da aplicación das obrigas de España derivadas de acordos internacionais, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asimilables ós enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma substancialmente análoga. O dito informe será elaborado pola correspondente oficina Económica e Comercial de España no exterior e xunto á documentación que se presente.
- 12.7 Respecto ás unións temporais de empresarios (UTE), observarase o disposto nos artigos 69 da LCSP e 24 do RGLCAP, neste último caso na medida en que non se opoña á LCSP.
- 12.8 As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar deben concorrer na data final de presentación de ofertas e subsistir no momento de perfección do contrato.
- 12.9 A mesa de contratación efectuará a comprobación pertinente ao examinar a documentación administrativa requirida aos licitadores, sen prexuízo do dereito da Administración a facelo en calquera outro momento previo ou posterior á adxudicación do contrato.

Cláusula 13ª. Clasificación e Solvencia

- 13.1 De acordo co artigo 77 da LCSP, nesta contratación a solvencia económica e financeira e a técnica ou profesional poderase acreditar co cumprimento dos requisitos específicos que se recollen neste prego.
- 13.2 Para celebrar contratos co sector público, o artigo 74 da LCSP esixe que os empresarios acrediten estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica exixidas nos pregos.
- 13.3 Nas UTE, todas as empresas que a integran teñen que acreditar a súa

solvencia nos termos indicados neste PCAP, acumulándose a acreditada por cada unha dos seus integrantes.

13.4 O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderalles solicitar aos licitadores as aclaracións sobre os certificados e documentos presentados que considere pertinentes ou requirila presentación doutros complementarios.

13.5 A acreditación da solvencia poderase realizar ou completar cos medios que consten no certificado de inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (en diante, ROLECSP) ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, RGCG), que presente o licitador.

13.6 Non se exige habilitación empresarial específica.

Cláusula 14ª. Requisitos mínimos de solvencia exigibles

14.1 Os requisitos mínimos de solvencia son os seguintes:

a) Solvencia económica e financeira

Solvencia exixida: Considerarase solvente o licitador que declare que o ano de maior volume anual de negocios, dos 3 últimos anos concluídos, é igual ou superior ao orzamento base de licitación multiplicado por 1,5.

b) Solvencia técnica e profesional

Solvencia exixida: A solvencia técnica acreditarase mediante a achega dun mínimo de 5 contratos, iguais ou similares nos últimos tres anos. Isto xustifícase na necesidade de comprobala funcionalidade e operatividade da plataforma no mundo universitario.

14.2 De conformidade co artigo 76 da LCSP, os licitadores, ademais de acreditar a súa solvencia, e como obrigas esenciais para efectos do previsto no artigo 211.1.f da LCSP, comprométense a:

a) Dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais e/ou materiais suficientes para levalo a cabo adecuadamente de conformidade co indicado no PPTP.

14.3 A acreditación das distintas solvencias realizarase por calquera dos medios establecidos na LCSP.

Cláusula 15ª. Integración da solvencia con medios externos

- 15.1 De conformidade co artigo 75.1 da LCSP, para acreditar a solvencia necesaria, o empresario poderase superar na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.
- 15.2 Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados en UTE poderán recorrer ás capacidades de entidades alleas á unión temporal.
- 15.3 Para iso, en virtude do artigo 75.2 da LCSP, a empresa que desexe recorrer ás capacidades doutras entidades, demostrará que vai dispoñer dos recursos necesarios mediante a presentación para tal efecto do compromiso por escrito das ditas entidades, compromiso que se presentará polo licitador que presentase a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145 da LCSP, logo de requirimento para tal efecto cumprimentado de conformidade co disposto no artigo 150.2 da LCSP, sen prexuízo do establecido no artigo 140.3 da LCSP.

DA ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

CAPÍTULO IV. Normas xerais

Cláusula 16ª. Publicidade da licitación

- 16.1 O anuncio de licitación deste contrato publicarase no perfil de contratante do CIXUG que, en cumprimento do disposto no artigo 347 da LCSP, se encontra aloxado na Plataforma de Contratos do sector público.
- 16.2 No dito perfil ofrecerase información relativa á convocatoria da licitación do contrato, incluíndo os PCAP, PPTP e documentación complementaria cuxo acceso será libre, directo, completo e gratuíto e poderase efectuar desde a data de publicación do anuncio de licitación no perfil no seguinte enderezo electrónico: <https://contrataciondelestado.es>. Así mesmo, poderase consultar a información publicada en: <https://www.cixug.gal/>
- 16.3 No perfil do contratante atópase tanto a información de tipo xeral necesaria para relacionarse co órgano de contratación do CIXUG, como puntos de contacto, números de teléfono, dirección postal e dirección electrónica, informacións, anuncios e documentos xerais, modelos de documentos, así como a información particular relativa ós contratos que celebre.
- 16.4 Como este contrato de subministración está suxeito a regulación

harmonizada, o anuncio de licitación publicarase con carácter previo no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE), de acordo co disposto no artigo 135 LCSP.

- 16.5 De conformidade co artigo 138.3 da LCSP, os interesados no procedemento de licitación poderán solicitar información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria a través do seguinte enderezo electrónico: **licitaciones@cixug.gal**.
- 16.6 Esta solicitude de información adicional deberase realizar cunha antelación mínima de 12 días previos á finalización do prazo para presentar as proposicións.
- 16.7 As respostas proporcionarase a todos os interesados no procedemento de licitación, como máis tarde de 6 días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas. As mesmas terán carácter vinculante e publicarase no Perfil do contratante.

Cláusula 17ª. Notificacións telemáticas

- 17.1 As notificacións e comunicacións que realice o CIXUG en relación con este contrato, así como o envío de documentación que poida ser requirida ós licitadores, practicarase a través da plataforma de contratación electrónica.
- 17.2 Os licitadores deberán contar con sistemas de asinamento electrónica recoñecida ou cualificada e avanzada baseados en certificados electrónicos cualificados de asinamento electrónico que lles permita recollelas notificacións na mesma aplicación.
- 17.3 No caso de que os sistemas informáticos sinalados non estivesen habilitados, os licitadores poderán presenta-la documentación requirida a través do rexistro que se sinale no requirimento.

Cláusula 18ª. Procedemento de adxudicación aplicable

- 18.1 De conformidade co disposto no artigo 131 da LCSP, este contrato adxudicarase por procedemento aberto e levarase a cabo atendendo a un único criterio de adxudicación que se determina nas cláusulas seguintes, en conformidade co disposto nos artigos 145 e 146 da LCSP.
- 18.2 Queda excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Cláusula 19ª. Sobre os criterios de adxudicación

19.1 De acordo co artigo 145 da LCSP, a adxudicación deste contrato realizarase utilizando un único criterio de adxudicación. Para tal efecto, o órgano de contratación adxudicará o contrato mediante a aplicación do criterio previsto na Cláusula 20ª.

Cláusula 20ª. Criterios de adxudicación aplicables e a súa ponderación

20.1 O criterio de adxudicación será o previsto ANEXO II.

Cláusula 21ª. Criterios de desempate

21.1 No suposto de que se produza un empate entre dúas ou máis ofertas, para efectos de resolver o dito empate, a proposta de adxudicación realizarase a favor do empresario que acredite as circunstancias seguintes e pola orde establecida a continuación:

- a) Número de persoas traballadoras con discapacidade superior ao 2 por 100 nos termos do artigo 142.1 a) da LCSP, así como conforme o previsto no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social. En caso de que varias empresas se encontren nestas circunstancias, terán preferencia na adxudicación do contrato o licitador que acredite maior porcentaxe de persoas traballadoras fixas discapacitadas no seu cadro de persoal.
- b) Acreditación da implantación dun plan de igualdade conforme o establecido na normativa reguladora destes.

Acreditación da obtención, no momento da expiración do prazo de presentación de ofertas, da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade conforme os artigos 111 e seguintes da Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia. Admitiranse tamén certificacións equivalentes, aínda que neste caso o licitador terá que acreditar que o certificado presentado é equivalente á Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, debendo ser presentada a documentación xustificativa da dita equivalencia coa proposición. Tamén se admitirá a identificación na proposición de medidas concretas encamiñadas a evitar calquera tipo de discriminación laboral entre mulleres e homes e/ou que favorezan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Neste caso, o licitador terá que acreditar a equivalencia desas medidas en relación coa Certificación Galega de Excelencia en Igualdade, debendo ser achegada a documentación correspondente coa proposición.

- c) Menor porcentaxe de contratos temporais no cadro de cada unha das empresas.
- d) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no cadro de cada unha das empresas.
- e) O sorteo, en caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dera lugar ao desempate.

Cláusula 22ª. Ofertas anormalmente baixas

22.1 Consideraranse incursas en presunción de anormalidade as ofertas que cumpran os parámetros obxectivos seguintes:

- a) Cando, concorrendo un só licitador, sexa inferior ó orzamento base de licitación en máis de 25 unidades porcentuais.
- b) Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta.
- c) Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluírase para o cómputo da dita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á dita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior as 25 unidades porcentuais.
- d) Cando concorran catro ou máis licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, si entre elas existen ofertas que sexan superiores á dita media en máis de 10 unidades porcentuais, procederase ó cálculo dunha nova media só coas ofertas que non se encontren no suposto indicado. En todo caso, se o número das restantes ofertas é inferior a tres, a nova media calcularase sobre as tres ofertas de menor contía.

22.2 Cando presentasen ofertas empresas que pertenzan a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de comercio, tomarase unicamente, para aplicar o réxime de identificación das ofertas incursas en presunción de anormalidade, aquela que fose máis baixa, e iso con independencia de que presenten a súa oferta en solitario ou xuntamente con outra empresa ou empresas alleas ao grupo e coas calquera concorran en unión temporal.

22.3 A mesa de contratación deberá identificar as ofertas que se encontren incursas en presunción de anormalidade de conformidade cos criterios fixados con anterioridade.

- 22.4 No caso de que a mesa de contratación identifique unha ou varias ofertas incursas en presunción de anormalidades, deberá requirir o licitador ou licitadores que as presentasen dando prazo suficiente, que non será inferior a cinco días hábiles, para que xustifiquen e desagregan razoada e detalladamente o baixo nivel de prezos, ou de custos, ou calquera outro parámetro con base na cal se definise a anormalidade da oferta, mediante a presentación daquela información e documentos que resulten pertinentes para estes efectos, seguíndose o procedemento previsto no artigo 149.4 a 7 da LCSP.
- 22.5 No procedemento deberase solicitar ao asesoramento técnico do servizo correspondente.
- 22.6 En todo caso, o órgano de contratación rexeitará as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non compren as obrigas aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes, en aplicación do establecido no artigo 201 da LCSP.
- 22.7 Nos casos en que se comprobe que unha oferta é anormalmente baixa debido a que o licitador obtivo unha axuda do Estado, só se poderá rexeitar a proposición por esta única causa se aquel non pode acreditar que tal axuda se concedeu sen contravir as disposicións comunitarias en materia de axudas públicas. O órgano de contratación que rexeite unha oferta por esta razón deberá informar a Comisión Europea, cando o procedemento de adxudicación se refira a un contrato suxeito a regulación harmonizada.
- 22.8 A mesa de contratación avaliará toda a información e documentación proporcionada polo licitador e elevará de forma motivada a correspondente proposta de aceptación ou rexeitamento ó órgano de contratación. En ningún caso se acordará a aceptación dunha oferta sen que a proposta da mesa de contratación neste sentido estea debidamente motivada.
- 22.9 Se o órgano de contratación, considerando a xustificación efectuada polo licitador e informes mencionados no puntos anteriores, estimara que a información solicite non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador e que, por tanto, a oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais, a excluírá da clasificación e acordará a adxudicación a favor da mellor

oferta, de acordo coa orde na que foran clasificadas. En xeral, rexeitaranse as ofertas incursas en presunción de anormalidade se están baseadas en hipóteses ou prácticas inadecuadas desde unha perspectiva técnica, económica ou xurídica.

- 22.10 Cando unha empresa que estivese incursa en presunción de anormalidade resultase adxudicataria do contrato, o órgano de contratación establecerá mecanismos adecuados para realizar un seguimento pormenorizado da execución deste, co obxectivo de garantir a correcta execución do contrato sen que se produza unha diminución na calidade das subministracións contratados.

Cláusula 23ª. Actuacións ante condutas colusorias

- 23.1 Se neste procedemento de contratación se apreciasen indicios fundados de condutas colusorias no sentido definido no artigo 1 da Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, o órgano de contratación, de oficio ou a instancia da mesa de contratación, trasladaraos con carácter previo á adxudicación do contrato á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, se é o caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente co fin de que, no prazo de 20 días hábiles, emita un informe sobre o carácter fundado ou non de tales indicios.
- 23.2 O traslado a que alude o parágrafo anterior deberá incluír unha explicación detallada sobre os indicios detectados e sobre as razóns para considerar o seu carácter presuntamente colusorio e irá acompañado do expediente de contratación, incluída a totalidade das ofertas presentadas por todos os licitadores, sen prexuízo do deber de confidencialidade previsto no artigo 133 LCSP.
- 23.3 A remisión desta documentación á autoridade de defensa da competencia correspondente suporá a inmediata suspensión da licitación, **a cal non será notificada aos licitadores nin tampouco será obxecto de publicación**. O órgano de contratación deberá manter en todo momento a debida confidencialidade destas actuacións.
- 23.4 Unha vez recibido o informe da autoridade de competencia, se este non conclúe que existen tales indicios fundados de condutas colusorias, o órgano de contratación ditará resolución alzando a suspensión, que tampouco será obxecto de notificación nin publicación, e continuará coa tramitación do procedemento de contratación sen a exclusión de ningún licitador por este motivo.

- 23.5 No caso de que o informe conclúise que existen indicios fundados de conducta colusoria, o órgano de contratación notificará e publicará a suspensión e remitiralles ós licitadores afectados a documentación necesaria para que nun prazo de dez días hábiles aleguen canto teñan por conveniente en defensa dos seus dereitos.
- 23.6 O órgano de contratación coidará de que os licitadores afectados reciban toda a documentación necesaria para o exercicio do seu dereito, pero sen revelar aspectos das ofertas do resto de licitadores, se xa se presentaron, e con respecto ó deber de confidencialidade previsto no artigo 133 desta lei. Unha vez evacuado este trámite, o órgano de contratación poderá solicitar da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, se é o caso, da autoridade de competencia autonómica correspondente os informes que xulgue necesarios para resolver. Á vista dos informes que constan no procedemento, das alegacións e probas dos licitadores afectados e das medidas que, se é o caso estes acrediten adoptar para evitar futuras infraccións, o órgano de contratación resolverá de forma motivada o que proceda no prazo de 10 días hábiles.
- 23.7 Se o órgano de contratación resolve que existen indicios fundados de condutas colusorias excluírá do procedemento de contratación ós licitadores responsables da dita conducta e notificarallo a tódolos licitadores, alzando a suspensión e continuando o procedemento de contratación cos licitadores restantes, se os houbera. Se resolve que non existen indicios fundados de conducta colusoria, alzará a suspensión e continuará a tramitación do procedemento de contratación sen a exclusión de ningún licitador por este motivo.
- 23.8 En caso de non recibir o informe da autoridade de competencia no prazo de 20 días hábiles, o órgano de contratación poderá acordar continuar coa tramitación do procedemento ou iniciar o procedemento contradictorio establecido neste punto. Neste último caso, se o órgano de contratación recibise o informe da autoridade de competencia antes de ditar a súa resolución, non procederá acordar a exclusión de ningún licitador cando o dito informe non conclúa que existen indicios fundados de conducta colusoria. Igualmente, se o órgano de contratación recibise o informe no mencionado sentido unha vez ditada a resolución que acorde a exclusión dalgún licitador, poderá revogar a dita resolución se así o considera procedente sempre que aínda non se adxudicase o contrato.
- 23.9 O órgano de contratación comunicará a resolución de adxudicación do contrato á Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ou, se é o

caso, á autoridade de competencia autonómica correspondente, por medios electrónicos o mesmo día en que se acorde. Esta comunicación fará decaer calquera solicitude de informe que non fose atendida ata esa data, non podendo as autoridades de competencia emitir o informe a partir dese momento.

Cláusula 24ª. Garantías

- 24.1 Non se exige garantía provisional.
- c) No caso de que un licitador non motive ou concrete as circunstancias xustificativas da súa declaración de confidencialidade ou siga mantendo unha declaración xenérica do carácter confidencial de toda a súa oferta, considerarase que a devandita declaración carece de motivación e o órgano de contratación se reserva o dereito de considerar que documentación debe estimarse confidencial, quedando este exonerado de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en canto ó carácter confidencial ou non da información facilitada.

35.8 En todo caso, a declaración do empresario non obsta para que, de presentarse solicitudes de acceso ás ofertas, o órgano de contratación valore o seu efectivo carácter confidencial, consonte os seguintes criterios: a) que se trata dunha información cuxa divulgación prohiba algunha das disposicións legais vixentes en materia de protección de datos de carácter persoal; b) que conleven unha vangarda competitiva para a empresa; c) que se trate dunha información verdadeiramente reservada, descoñecida por terceiros; d) que represente un valor estratéxico para a empresa e poida afectar a súa competencia no mercado por afectar intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector; e e) que non se produza unha diminución nos xuros que se queren garantir cos principios de publicidade e de transparencia.

Ademais, o órgano de contratación poderá non comunicar determinados datos relativos á adxudicación do contrato cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desa información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ó interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas ou a competencia leal entre elas.

- 35.9 O contratista deberá gardar sigilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ó seu coñecemento con ocasión deste. Non poderá transferir información ningunha, sobre os traballos ou os seus resultados, nin sobre a información base solicitada, sen o consentimento previo do órgano de contratación.
- 35.10 O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información á que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. O licitador seleccionado por propoñer a oferta máis vantaxosa deberá presentar unha declaración responsable comprometéndose a respectar a dita obriga contractual.

Cláusula 36ª. Protección de datos de carácter persoal.

- 36.1 O futuro contratista terá obriga de respectar a normativa nacional e da Unión Europea vixente en materia de protección de datos.
- 36.2 A finalidade para a que se cederán os datos é a prestación que constitúe o obxecto deste contrato. Estas obrigas serán condición especial de execución do contrato e terán ademais carácter esencial para efectos do artigo 211.f) da LCSP.
- 36.3 O licitador queda sometido en todo caso á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos, e declarará documentalmente que se responsabiliza de que, o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar, farase con absoluto respecto das normas de seguridade e privacidade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de protección de datos, e na Lei orgánica 3/2018 de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e será así mesmo, de aplicación a disposición adicional vixésimo quinta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e demais normativa de aplicación.
- 36.4 En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratada e o persoal técnico designado serán responsables das infraccións que deriven

del.

36.5 O tratamento de datos persoais do licitante ou adxudicatario por parte do órgano de contratación axustarase ás seguintes normas:

- a) Os datos persoais que o licitante ou adxudicatario facilite para a participación neste procedemento de contratación e, se é o caso, para o adecuado desenvolvemento do contrato, serán tratados, na súa condición de responsable, polo CIXUG.
- b) A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento con base na resolución do 17 de marzo de 2006, dos reitores das universidades de Santiago de Compostela e A Coruña, pola que se acorda a publicación do convenio de colaboración entre as universidades galegas de Santiago de Compostela e A Coruña e constitución dun consorcio para o desenvolvemento de aplicacións de xestión universitaria (publicado no DOG do 19 de abril de 2006), á resolución do 21 de febreiro de 2013 pola que se aproba a modificación dos estatutos do Consorcio e se acorda a súa publicación (publicada no DOG do 27 de marzo de 2013) e conforme o disposto na LCSP.
- c) Os datos persoais proporcionados polo licitante ou adxudicatario serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral da contratación e o desenvolvemento das prestacións derivadas que dela deriven, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.
- d) Así mesmo, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón o CIXUG como Diarios Profesionais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, co fin de dar a publicidade legalmente exixida ao procedemento de contratación.
- e) No caso de que os licitantes facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberán informar os interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.
- f) Os interesados poderán acceder, suprimir e rectificar os seus datos, así como exercer outros dereitos segundo mediante o envío dunha dirección electrónica ó seguinte correo electrónico: **licitaciones@cixug.gal**.

36.6 A entidade adxudicataria, respecto ó tratamento de datos persoais que

puidese levar a cabo en virtude da prestación de servicios contratada, terá a consideración de encargado do tratamento para efectos do disposto no artigo 28 e concordantes do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (en diante, RGPD) polo que deberá dar cumprimento ás obrigas incluídas a continuación, exixindo idéntico compromiso do persoal ao seu servizo:

36.7 As seguintes constitúen obrigas contractuais esenciais, para efectos do previsto no artigo 211.1.f) da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público:

- a) Empregar os datos facilitados polo responsable do tratamento coa finalidade establecida neste contrato.
- b) O sometemento da entidade adxudicataria en todo caso á normativa nacional e da Unión Europea en materia de protección de datos.
- c) Presentar antes da formalización do contrato unha declaración na que poña de manifesto onde van estar situados os servidores e desde onde se van prestar os servizos asociados a eles.
- d) Comunicar calquera cambio que se produza, ó longo da vida do contrato, da información facilitada na declaración a que se refire o parágrafo anterior.
- e) Indicar na súa oferta, se precisaron subcontratar os servidores ou servicios asociados a eles, o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia ás condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas ós que se vaia encomendar a súa realización.

36.8 Así mesmo, a entidade adxudicataria deberá dar cumprimento ás seguintes obrigacións:

- a) Tratar por conta do responsable do tratamento os datos de carácter persoal necesarios para organizar e desenvolver o obxecto desta contratación. A tipoloxía de datos tratados e as categorías de persoas interesadas serán unicamente os que permitan dar cumprimento co obxecto desta contratación, sendo esta información a que aparece recollida no rexistro de actividades de tratamento publicado nas seguintes páxinas web:
 - UDC: https://www.udc.es/es/gobierno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos/
 - USC: <https://www.usc.gal/gl/politica-privacidade-proteccion-datos>

- UVI: <https://www.uvigo.gal/es/proteccion-datos>

O responsable do tratamento porá á disposición do encargado canta información dispoña e sexa estritamente necesaria para executar as prestacións obxecto desta contratación. O tratamento poderá consistir na recollida, rexistro, conservación, consulta, supresión e destrución da información segundo o obxecto desta contratación.
- b) Utilizar os datos persoais obxecto de tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utilizar os datos para fins propios.
- c) Tratar os datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento. Se a persoa encargada do tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición vixente en materia de protección de datos informará inmediatamente o responsable.
- d) Levar por escrito, de conformidade coa normativa en materia de protección de datos aplicable en España e na Unión Europea, un rexistro das actividades de tratamento efectuadas por conta do responsable, que inclúa o contido previsto na normativa aplicable.
- e) Non comunicar os datos a terceiras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do responsable do tratamento, nos supostos legalmente admisibles. O encargado pode comunicar os datos a outros encargados do tratamento do mesmo responsable, de acordo coas instrucións destes últimos.
- f) No caso de que estea permitida a subcontratación segundo o indicado nas condicións deste prego, organízase o acceso a datos persoais por parte do subcontratista, cando sexa necesario, dando cumprimento en todo caso, aos requisitos previstos no artigo 215 LCSP. En particular, no caso de que a execución do contrato implique a cesión de datos ó contratista, o subcontratista está obrigado a someterse á normativa nacional e da Unión Europea vixente en materia de protección de datos.
- g) Neste caso, as entidades subcontratistas terán tamén a condición de encargadas do tratamento e deberán cumprir igualmente as obrigas establecidas neste prego para esta figura e as instrucións que dite o responsable. Ao adxudicatario ou encargado inicial correspóndelle regular a nova relación, de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade, etc.), ó mesmo réxime de responsabilidade e cos mesmos requisitos formais que o encargado inicial no referente ó adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. En caso de incumprimento por parte do subencargado, o encargado

inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o órgano de contratación no referente ó cumprimento das obrigas.

- h) Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude deste encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.
- i) Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que informará convenientemente. O encargado manteralle á disposición do responsable a documentación acreditativa do cumprimento desta obriga.
- j) Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar este tipo de información.
- k) Asistir ó responsable do tratamento na resposta ó exercicio dos dereitos recoñecidos pola lexislación vixente en materia de protección de datos persoais, a través de medidas técnicas e organizativas apropiadas, para que este poida cumprir coa súa obriga de responder ás ditas solicitudes das persoas interesadas nos prazos previstos pola normativa vixente. Para iso, o encargado facilitaralle ó responsable, por requirimento del, e o máis pronto posible, canta información sexa necesaria ou relevante para estes efectos. No caso de que as persoas afectadas solicitasen o exercicio dos seus dereitos ante o encargado do tratamento, este informaralles a través de calquera medio que faga fe, de que poderán acceder ao procedemento previsto para iso nas webs indicadas no punto 35.5 deste documento.
- l) No caso de que o obxecto da contratación prevexa a recollida de datos directamente polo adxudicatario, este facilitaralles a información relativa aos tratamentos de datos que se vai realizar no momento de solicitar os datos. A redacción e o formato en que se facilitará a información debe acordar co responsable e dará cumprimento en todo caso ás exixencias previstas no RGPD.
- m) Notificarlle ao responsable do tratamento, de forma inmediata e implantando as medidas de seguridade necesarias, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación, e comunicación da incidencia, se é o caso, á Axencia Española de Protección de Datos.
- n) Dar apoio ao responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e na realización das consultas previas á autoridade de control, cando cumpra.

- o) Implantar as previsións previstas no R.D. 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da administración electrónica (ENS). En todo caso, implantará as medidas de seguridade necesarias para:
- a. Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.
 - b. Restaurar a dispoñibilidade e o acceso ós datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
 - c. Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
 - d. Seudonimizar e cifrar os datos persoais, se fose necesario.
- p) Pór á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, en particular, certificados de cumprimento da normativa expedidos por entidades acreditadas ou, en caso de non existir, facilitando a realización das auditorías ou as inspeccións que realice o responsable ou outro auditor autorizado.
- q) Designar un delegado de protección de datos, se correspondese segundo o previsto na normativa aplicable en España e na Unión Europea, e comunicar a súa identidade e datos de contacto ao responsable.
- r) Devolver ao responsable, unha vez cumpridas as prestacións obxecto desta contratación, os datos de carácter persoal e, se é o caso, os soportes onde consten. A devolución suporá o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados polo encargado. Sen embargo, este último poderá conservar unha copia dos datos estritamente necesarios, debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación.

36.9 De conformidade co establecido no artigo 46.bis da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os sistemas de información e comunicacións para a recollida, almacenamento, procesamento e xestión do censo electoral, os padróns municipais de habitantes e outros rexistros de poboación, datos fiscais relacionados con tributos propios ou cedidos e datos dos usuarios do Sistema nacional de saúde, así como os correspondentes tratamentos de datos persoais, deberanse situar e prestar dentro do territorio da Unión Europea.

36.10 Os datos a que se refire o número anterior non poderán ser obxecto de transferencia a un país terceiro ou organización internacional, con excepción dos que sexan obxecto dunha decisión de adecuación da

Comisión Europea ou cando así o exixa o cumprimento das obrigas internacionais asumidas polo Reino de España.

- 36.11 O incumprimento por parte dos contratistas das obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal terá o carácter de incumprimento contractual moi grave, e ademais da correspondente penalización prevista na Cláusula 42ª implicará unha indemnización como mínimo equivalente á sanción que puidese recaer sobre o CIXUG por vulneración da lexislación de protección de datos, indemnización que, se é o caso, reclamarase igualmente dos contratistas que participen no procedemento e non resulten adxudicatarios, se fosen os responsables do incumprimento das obrigas que respecto diso impón a citada lei.

Cláusula 37ª. Clausulado básico do contrato de encargado de tratamento de datos persoais

- 37.1 A formalización do contrato correspondente co obxecto deste procedemento de contratación leva implícita a formalización do contrato de encargado de tratamento de datos persoais co contido que se indica no anexo VIII. O contido do indicado contrato ten a consideración de deber contractual esencial.
- 37.2 O obxecto da encarga do tratamento poderase modificar ou actualizar cando se produza algunha variación na tipoloxía de datos, na categoría de persoas interesadas ou en calquera outro aspecto dos recollidos nel.

Cláusula 38ª. Propiedade intelectual e industrial

- 38.1 O contratista cede en exclusiva ó Consorcio CIXUG, e as universidades do SUG, a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, excepto os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato.
- 38.2 O CIXUG, e as universidades do SUG, adquirirán a propiedade intelectual do traballo obxecto do contrato desde o seu inicio e serán responsabilidade do contratista os prexuízos que poidan derivar contra tal dereito de propiedade por actuacións imputables a el.
- 38.3 A cesión abrangue tódalas modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación, gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas, etc.
- 38.4 Todo isto inclúe calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para ese

efecto, o contratista terá que entregarlle ó órgano de contratación, en perfecto estado para o uso ó que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.

- 38.5 A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos cedidos para a protección e uso destes.
- 38.6 A cesión destes dereitos á Administración contratante non ten limitación ningunha en canto ó ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta derive.
- 38.7 O prezo pola cesión destes dereitos está comprendido no da licitación e o CIXUG non está obrigado a aboar cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato.
- 38.8 A execución do contrato leva consigo a cesión ao CIXUG do dereito de uso dos ditos produtos. Ademais, esta poderá autorizar o seu uso aos entes, organismos e entidades pertencentes ao sector público a que se refire o artigo 3 da LCSP.

DA EXECUCIÓN DO CONTRATO

CAPÍTULO VII. Disposicións xerais

Cláusula 39ª. Cumprimento do contrato

- 39.1 O contrato executarase con suxeición ó establecido no seu clausulado e nos pregos, e de acordo coas instrucións que para a súa interpretación lle dese ó contratista o responsable do contrato.
- 39.2 Non poderá iniciar a execución previa do contrato sen a súa previa formalización de conformidade co disposto no artigo 153 LCSP.
- 39.3 O contratista é responsable da calidade técnica das prestacións e subministración realizados, así como tamén das consecuencias que se deduzan para CIXUG ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Cláusula 40ª. Risco e ventura

- 40.1 A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista.

Cláusula 41ª. Cumprimento de prazos e correcta execución do contrato

- 41.1 A empresa contratista está obrigada a cumprir o contrato no prazo total fixado para a realización del, non existindo prazos parciais.
- 41.2 Se as subministracións sufrisen un atraso na súa execución, e sempre que este non fose imputable ó contratista e este ofrecese cumprir os seus compromisos se se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederalle, dando un prazo que será, polo menos, igual ó tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor, de acordo co establecido no artigo 195.2 LCSP, regulándose os requisitos e trámites conforme o artigo 100 do RGLCAP. O responsable do contrato emitirá un informe onde se determine o atraso foi producido por motivos imputables ó contratista.
- 41.3 Se a empresa contratista, por causas que lle sexan imputables, incorrese en demora respecto do cumprimento dos prazos, o CIXUG poderá optar, dadas as circunstancias do caso, pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición das penalidades, na forma e condicións establecidas nos artigos 193 e 194 LCSP. De optarse pola imposición de penalidades o órgano de contratación, de conformidade co disposto no artigo 29.3 LCSP, poderá conceder unha ampliación do prazo de execución e co límite previsto no punto anterior.
- 41.4 En todo caso, a constitución en demora da empresa contratista non requirirá intimación previa por parte do CIXUG.
- 41.5 En caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato ou de incumprimento dos compromisos asumidos pola empresa contratista ou das condicións especiais de execución establecidas neste PCAP, poderase acordar a imposición das penalidades que se detallan na Cláusula 42ª.
- 41.6 Nos supostos de incumprimento, cumprimento defectuoso ou demora na execución do contrato en que non estea prevista penalidade ou en que estean vendo esta non cubrixe os danos causados a CIXUG, exixirase ao contratista a indemnización por danos e perdas.
- 41.7 En todos os supostos, as penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación adoptado por proposta do responsable do contrato que será inmediatamente executivo.

Cláusula 42ª. Sancións

- 42.1 Terán a consideración de infraccións leves aquelas que, malia o

incumprimento das cláusulas contractuais, non supoñan un prexuízo de gran entidade. Estas infraccións levarán unha penalidade de ata o 5% do prezo anual do contrato e tipifícanse como tales as seguintes:

- a) As que impliquen negligencia na prestación da subministración e non supoñan unha alteración grave do seu funcionamento.
- b) A omisión do deber de comunicar as incidencias ou anomalías non imputables ó contratista e que sexan detectadas.

42.2 Terán a consideración de infraccións graves e levarán unha penalidade de entre o 5% ata o 8% do prezo anual do contrato, as seguintes:

- a) A reiteración na comisión de tres faltas leves.
- b) A desobediencia ás ordes do responsable do contrato para a vixilancia do contrato.
- c) As accións ou omisións que alteren a regularidade na prestación da subministración.
- d) A carencia de elementos de seguridade necesarios para a prestación da subministración.
- e) A deficiente realización dos labores de mantemento, conservación ou xestión.

42.3 Terán a consideración de infraccións moi graves que levarán unha penalidade de ata o 10% do prezo anual do contrato, e poderán dar lugar á resolución del a xuízo do órgano de contratación, sen prexuízo da aplicación das sancións a que procedese a xuízo do órgano de contratación, tódalas que supoñan un incumprimento das condicións do contrato ou unha deficiente xestión da subministración, ademais das seguintes:

- a) O incumprimento da adscrición de medios, obstaculizar a inspección ou fiscalización do persoal de CIXUG.
- b) Ceder o contrato sen a debida autorización por parte do CIXUG.
- c) Incumprir obrigas salariais ou de seguridade social respecto ás persoas traballadoras que se van empregar.
- d) Reiterar a comisión de dúas infraccións graves.
- e) Incumprir as condicións especiais de execución e as condicións e/ou obrigas esenciais do contrato.
- f) Incumprir as obrigas en materia de protección de datos de carácter persoal previstas na lexislación vixente e/ou neste PCAP.

42.4 Os importes das penalidades que se impoñan faranse efectivos mediante

a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, lle deban aboar á empresa contratista ou sobre a garantía definitiva que, se é o caso, se constituíu, cando non se poidan deducir dos pagamentos mencionados.

- 42.5 As condicións especiais de execución a que se refire este PCAP, terán o carácter de obrigas contractuais esenciais para os efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP.

Cláusula 43ª. Prerrogativas e atribucións do CIXUG

- 43.1 Dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados na LCSP, o órgano de contratación teña as prerrogativas de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable á empresa contratista a través da súa execución, suspender a súa execución, acordar a súa resolución e determinar os seus efectos.
- 43.2 Así mesmo, o órgano de contratación ten as facultades de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato, nos termos e cos límites que establece a LCSP. En ningún caso tales facultades de inspección poderán implicar un dereito xeral do órgano de contratación a inspeccionar as instalacións, oficinas e demais emprazamentos en que o contratista desenvolva as súas actividades, salvo que tales emprazamentos e as súas condicións técnicas sexan determinantes para o desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato, extremos que deberán quedar xustificados de forma expresa e detallada no expediente administrativo.
- 43.3 Os acordos que adopte o órgano de contratación no exercicio das prerrogativas mencionadas esgotan a vía administrativa e son inmediatamente executivos.
- 43.4 O exercicio das prerrogativas levará a cabo mediante o procedemento establecido no artigo 191 LCSP.

Cláusula 44ª. Resolución de incidencias

- 44.1 As incidencias que poidan xurdir entre o CIXUG e a empresa ou empresas contratistas na execución do contrato, por diferencias na interpretación do convindo ou ben pola necesidade de modificar as condicións contractuais, tramitaranse mediante expediente contradictorio que incluírá necesariamente as actuacións descritas no artigo 97 do RGLCAP, na

medida en que non se opoñan ao disposto na LCSP.

- 44.2 Agás que motivos de interese público o xustifiquen ou a natureza das incidencias ou requiran, a súa tramitación non determinará a paralización da execución do contrato.

CAPÍTULO VIII. Dereitos e obrigas do contratista

Cláusula 45ª. Pagamento do prezo

- 45.1 O contratista ten dereito ó aboamento, de acordo cos prezos convidados, das subministracións que realmente execute con suxeición ó contrato outorgado ou, se é o caso, de conformidade coas modificacións deste debidamente aprobadas e ás instrucións dadas polo responsable do contrato.
- 45.2 A forma de pagamento e a súa periodicidade será anual.
- 45.3 Sen prexuízo do disposto no artigo 210.4 LCSP, dentro dos 30 días seguintes á prestación das subministracións, o CIXUG deberá aprobar os documentos que acrediten a conformidade dos efectivamente prestados co disposto neste contrato.
- 45.4 O CIXUG ten a obriga de aboar o prezo dentro dos 30 días seguintes á devandita aprobación.
- 45.5 Transcorrido este prazo sen cumprir a dita obriga, deberá, ademais, aboarlle ao contratista os xuros de demora e a indemnización polos custos de cobramento, de acordo co disposto na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.
- 45.6 Para que se inicie o cómputo do prazo para o deveción de xuros o contratista deberá cumprir a obriga de presentar a factura ante o rexistro correspondente conforme o establecido na normativa vixente no prazo de 30 días desde a data de realización efectiva das subministracións.

No caso de que o contratista incumprise o prazo de 30 días para presentar a factura ante o rexistro, o deveción de xuros non se iniciará ata transcorridos 30 días desde a data da correcta presentación da factura sen que o CIXUG probe a conformidade, se é o caso, e efectuado o correspondente aboamento.

- 45.7 Nos contratos de subministración que sexan de tracto sucesivo o

responsable do contrato á vista dos traballos realmente executados e dos prezos contratados redactará as valoracións correspondentes conforme os artigos 199 e seguintes do RGLCAP. Estas valoracións efectuaranse sempre á orixe concretándose os traballos realizados no período de tempo de que se trate e observándose o disposto no artigo 149 do RGLCAP en canto á audiencia do contratista.

Cláusula 46ª. Obrigas do contratista

46.1 Na execución do contrato, a empresa contratista está obrigada ó cumprimento das obrigas seguintes:

- 46.1.1. O cumprimento da prestación obxecto do contrato, nos termos recollidos neste PCAP, no PPTP e na proposición formulada polo contratista, de acordo coas instrucións que, para a súa interpretación dese, se é o caso, o responsable do contrato.
- 46.1.2. Son de conta do contratista os gastos e impostos, anuncios, os de formalización do contrato no suposto de elevación a escritura pública, así como os derivados de cantas licenzas, autorizacións e permisos procedan para executar correctamente o obxecto do contrato. Así mesmo, está obrigado a satisfacer tódolos gastos que a empresa deba realizar para o cumprimento do contrato, como poden ser os xerais, financeiros, de seguros, transportes e desprazamentos, materiais, instalacións, honorarios do persoal ó seu cargo, así como as taxas e toda clase de tributos que se poidan derivar da execución do contrato sen que, por tanto, poidan ser estes repercutidos como partida independente.
- 46.1.3. O cumprimento da normativa vixente en materia ambiental (contaminación acústica, calidade do aire, etc.), social ou laboral que establecen o dereito da Unión Europea, o dereito nacional ou as disposicións de dereito internacional que vinculen o Reino de España, e en particular as establecidas no anexo V da LCSP.
- 46.1.4. O cumprimento das disposicións vixentes en materia de inclusión social de persoas con discapacidade.
- 46.1.5. O cumprimento da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo Goberno, no que se refire á obriga de subministrar ao CIXUG toda a información necesaria para lle dar cumprimento ás obrigas de transparencia da actividade pública (artigo 4).

46.1.6. A dispoñibilidade de tódalas autorizacións ambientais e outras licencias ou autorizacións administrativas ou de cumprir os trámites de comunicación previa ou declaración responsable, que sexan precisos para o desenvolvemento das actividades vinculadas coa execución do contrato.

46.1.7. O cumprimento da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, da Lei 11/2007, do 27 de xullo, de Galicia, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Para ese efecto, o contratista garantirá:

a) A igualdade entre mulleres e homes no trato, a igualdade nas oportunidades de acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral, así como adopción de medidas para previr o acoso sexual e o acoso por razón de sexo no traballo.

b) As medidas para garantir a conciliación e corresponsabilidade da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato.

46.2 Estas obrigas terán o carácter de obrigas contractuais esenciais para os efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP.

Cláusula 47ª. Persoal do contratista

47.1 O adxudicatario, baixo a supervisión do responsable do contrato, proporciona a súa propia dirección e xestión na execución e é responsable da organización da subministración, da calidade técnica dos traballos que se executen e das prestacións de subministración realizada.

47.2 O adxudicatario do contrato comprométese a dispoñer en todo momento do persoal necesario e adecuado para a execución do contrato. Particularmente, debe garantir:

47.2.1. A cobertura, en todo momento, da subministración contratada cos técnicos necesarios que para a súa realización ofertase. En consecuencia, o contratista efectuará pola súa conta e inmediatamente as substitucións necesarias do persoal que teña asignada á subministración, por calquera causa que se produzan, de forma que a execución do contrato quede sempre asegurada.

47.2.2. A categoría, formación, experiencia e aptitude profesional do persoal que teña asignado ó contrato.

47.3 Será obriga do contratista, se é o caso, identificar convenientemente a todo o persoal durante o tempo en que execute a subministración, seguindo as directrices que para o efecto dite o órgano de contratación.

47.4 Correspóndelle, así mesmo, á entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licenzas horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador.

47.5 O contratista deberá, en calquera caso, proporcionalles ós compoñentes do equipo de traballo tódolos medios técnicos necesarios para levar a cabo a execución das subministracións contratadas, de forma presencial ou remota, e, en todo caso, os gastos de desprazamento e axudas de custo serán pola súa conta.

47.6 Así mesmo, disporá para a execución do contrato dunha estrutura xerarquizada propia, cun responsable que se lles encargará de impartir ás súas persoas traballadoras as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo, así como as directrices relativas á súa distribución.

47.7 En ningún caso este contrato de subministración suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre o CIXUG e o contratista.

47.8 No momento da extinción do contrato non se poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizasen os traballos obxecto do contrato como persoal do CIXUG.

47.9 O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregadora respecto destes, sendo o CIXUG absolutamente alleo ás ditas relacións. Por conseguinte, en ningún caso se poderá alegar ningún dereito polo referido persoal en relación co CIXUG, nin exixirse, a este, responsabilidade de ningún tipo, como consecuencia das obrigas existentes entre o adxudicatario e as súas persoas empregadas, mesmo no caso de que os despedimentos ou medidas que o empresario adoptase se superan no incumprimento, interpretación ou resolución deste contrato.

47.10 A entidade adxudicataria comprométese a retribuír adecuadamente ao persoal destinado á subministración, asumindo de forma directa e non trasladable ao CIXUG o custo de calquera mellora nas condicións de

traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de maneira que, en ningún caso, poderá repercutir as ditas modificacións sobre o importe que será facturada polo servizo.

47.11 O adxudicatario queda obrigado, respecto ó persoal destinado ó servizo, ó cumprimento da normativa laboral, de Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

47.12 En caso de accidente ou prexuízo de calquera índole que sufran as persoas traballadoras con ocasión do exercicio do seu traballo, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo ao CIXUG.

Cláusula 48ª. Condicións especiais de execución

48.1 Terán a consideración de condicións especiais de execución deste contrato, nos termos do artigo 202 LCSP, as seguintes:

48.1.1. Adscrición á execución do contrato dos medios indicados na oferta.

O equipo técnico que se vai incorporar, trala formalización do contrato para a execución dos traballos, deberá estar formado polos compoñentes e perfís relacionados na oferta adxudicataria e consecuentemente valorados e de acordo co compromiso e a adscrición efectiva de medios persoais e materiais.

No caso de modificación ou substitución de recursos, deberá comunicalo previamente ó responsable do contrato coa antelación necesaria e, en calquera caso, polo menos con 10 días naturais de antelación á realización do cambio de recurso, o responsable do contrato aprobará ou rexeitará a dita modificación ou substitución. En todo caso, a persoa substituta ou substitutas terán un perfil igual ou superior ó ofertado ou ó recurso que se vai substituír.

Tramitarase o seguinte procedemento de substitución:

- a) Notificación por escrito ó responsable do contrato da substitución con detalle dos motivos que a orixinan.
- b) Anexo á notificación anterior en que se achegará un CV da persoa substituta con detalle da súa cualificación.
- c) Aceptación da persoa substituta por parte do responsable do contrato.

O órgano de contratación poderá solicitar o cambio dos recursos asignados á execución do contrato por inadecuación ou por incumprir os requisitos tanto de solvencia como técnicos esixidos, ou declarar o contratista unhas circunstancias que non son veraces nese caso poderá levar a resolución do contrato.

48.1.2. Condicións en relación coas condicións laborais mínimas

Constitúe condición esencial de execución o cumprimento das disposicións vixentes en materia laboral, seguridade social e seguridade e saúde no traballo que sexan aplicables ás persoas traballadoras vinculadas á execución do contrato.

Será obriga da entidade contratista, en relación co persoal que executará o contrato, o aboamento do salario e aplicar as condicións de traballo establecidas polo último convenio colectivo aplicable do ámbito máis inferior existente no sector en que se encadra a actividade do contratista, salvo que teña recoñecidas outras condicións mellores a título individual ou por outros convenios e/ou pactos de empresa que sexan de aplicación.

A empresa contratista comprométese a facilitar durante a execución do contrato canta información se lle requira polo órgano de contratación sobre as condicións de traballo que se apliquen efectivamente ás persoas traballadoras que realicen a actividade obxecto do contrato.

48.1.3. Fomento de accións que faciliten a conciliación da vida laboral e familiar.

O contratista deberá establecer medidas que favorezan a conciliación da vida familiar, persoal e laboral das persoas traballadoras que leven a cabo a execución deste contrato.

48.1.4. Condicións con relación á subcontratación

En caso de subcontratación, o contratista asume a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao CIXUG de acordo co previsto nos pregos e no contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia social e laboral.

O contratista deberalle comunicar ó órgano de contratación a subcontratación que pretenda levar a cabo de conformidade co disposto no artigo 215 da LCSP.

48.2 Estas condicións especiais de execución terán o carácter de obrigas

contractuais esenciais para os efectos sinalados no artigo 211.1.f) LCSP.

- 48.3 Estas condicións especiais de execución que forman parte do contrato serán esixidas igualmente a tódolos subcontratistas que participen na súa execución.

Cláusula 49ª. Responsabilidade do contratista por danos e perdas a terceiros

- 49.1 O réxime de indemnización de danos e perdas será o establecido no artigo 196 LCSP, conforme o que o contratista, será responsable de tódolos danos e perdas directos e indirectos que se causen a terceiros, como consecuencia das operacións que requira a execución do contrato.
- 49.2 Se os danos e perdas ocasionados fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde dada polo CIXUG, este será responsable dentro dos límites sinalados nas leis.

Cláusula 50ª. Entrega e recepción

- 50.1 O contratista estará obrigado a entregar os bens obxecto de subministración no tempo e lugar fixados no contrato e de conformidade coas prescricións técnicas e cláusulas administrativas.
- 50.2 O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou perdas ocasionados nos bens antes da súa entrega ó CIXUG, salvo que este incorrese en demora ó recibilos.
- 50.3 Cando o acto formal da recepción dos bens, de acordo coas condicións do prego, sexa posterior á súa entrega, o CIXUG será responsable da custodia destes durante o tempo que medie entre unha e outra.

Cláusula 51ª. Gastos de entrega e recepción

- 51.1 Os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ó lugar convido serán por conta do contratista.
- 51.2 Se os bens non se encontran en estado de ser recibidos farase constar así na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ó contratista para que emende os defectos observados ou proceda a un novo subministro de conformidade co pactado.

Cláusula 52ª. Vicios ou defectos durante o prazo de garantía

- 52.1 Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou

defectos nos bens subministrados terá dereito o CIXUG a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación destes se fose suficiente.

- 52.2 Durante este prazo de garantía terá dereito o contratista a coñecer e seren oídos sobre a aplicación dos bens subministrados.
- 52.3 Se o órgano de contratación estimase, durante o prazo de garantía, que os bens subministrados non son aptos para o fin pretendido, como consecuencia dos vicios ou defectos observados nel e imputables ó contratista e exista a presunción de que a reposición ou reparación dos ditos bens non serán bastantes para lograr aquel fin, poderá, antes de expirar o dito prazo, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pagamento ou tendo dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito.
- 52.4 Terminado o prazo de garantía sen que o CIXUG formalice algún dos reparos ou a denuncia a que se refiren os puntos anteriores, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón dos bens subministrados.

CAPÍTULO IX. Sucesión, cesión e subcontratación

Cláusula 53ª. Sucesión do contrato

- 53.1 De acordo co artigo 98 LCSP, nos casos de fusión de empresas en que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en tódolos dereitos e obrigas dimanantes deste.
- 53.2 Igualmente, nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade delas, continuará o contrato coa entidade a que se lle atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes del, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ó acordarse a adxudicación ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións e, en caso de subsistir, a sociedade da que proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquelas da execución do contrato. Se non se puidese producir a subrogación por non reunir a entidade á que se lle atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose para tódolos efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario. Para ese efecto a empresa deberalle comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se

produciu.

- 53.3 Cando como consecuencia das operacións mercantís a que se refire o parágrafo anterior se lle atribúa o contrato a unha entidade distinta, a garantía definitiva poderá ser, a criterio da entidade outorgante dela, renovada ou substituída por unha nova garantía que se subscriba pola nova entidade téndose en conta as especiais características do risco que constitúa esta última entidade. Neste caso, a antiga garantía definitiva conservará a súa vixencia ata que estea constituída a nova garantía.
- 53.4 Cando o contratista inicial fose unha UTE, observarase o disposto no artigo 69 LCSP.

Cláusula 54ª. Cesión do contrato

- 54.1 Os dereitos e obrigas dimanantes do contrato poderán ser cedidos polo contratista a un terceiro sempre que as calidades técnicas ou persoais do cedente non sexan razón determinante da adxudicación do contrato, e da cesión non resulte unha restricción efectiva da competencia no mercado. Sen prexuízo do establecido no número 2, letra b), non se poderá autorizar a cesión a un terceiro cando esta supoña unha alteración substancial das características do contratista se estas constitúen un elemento esencial do contrato.
- 54.2 Para que os contratistas poidan ceder os seus dereitos e obrigas a terceiros deberán cumprirse as seguintes condicións:
- a) Que o órgano de contratación autorice, de forma previa e expresa, a cesión. Esta autorización outorgarase sempre que se dean os requisitos previstos nas letras seguintes. O prazo para a notificación da resolución sobre a solicitude de autorización será de dous meses, transcorrido o cal se deberá entender outorgada por silencio administrativo.
 - b) Que o cedente executase polo menos un 20 por 100 do importe do contrato. Non será de aplicación este requisito se a cesión se produce atopando o contratista en concurso, aínda que se abra a fase de liquidación, ou puxo en coñecemento do xulgado competente para a declaración do concurso que iniciou negociacións para alcanzar un acordo de refinanciamento, ou para obter adhesións a unha proposta anticipada de convenio, nos termos previstos na lexislación concursal.
 - c) Que o cesionario teña capacidade para contratar co CIXUG e a solvencia que resulte esixible en función da fase de execución do

contrato, debendo estar debidamente clasificado se tal requisito foi exixido ao cedente, e non estar incurso nunha causa de prohibición de contratar.

d) Que a cesión se formalice, entre o adxudicatario e o cesionario, en escritura pública.

54.3 O cesionario quedará subrogado en tódolos dereitos e obrigas que lle corresponderían ó cedente.

Cláusula 55ª. Subcontratación

55.1 O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial deste ata un máximo do 50% do importe do contrato, sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 215 LCSP.

55.2 A infracción destas condicións, así como a falta de acreditación da aptitude do subcontratista ou das circunstancias determinantes da situación de emerxencia ou das que fagan urxente a subcontratación terá, entre outras previstas na LCSP, e en función da repercusión na execución do contrato, algunha das seguintes consecuencias:

a) A imposición ao contratista dunha penalidade de ata un 50% do importe do subcontrato.

b) A resolución do contrato, a condición de que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 211.1.f), pfo. 2º, LCSP.

55.3 Así mesmo, e en canto ós pagamentos que se van subcontratistas e subministradores, quedará obrigado ó cumprimento dos requisitos e obrigas establecidos nos artigos 216 e 217 LCSP.

55.4 En todo caso, os subcontratistas quedarán obrigados só ante o contratista principal que asumirá, por tanto, a total responsabilidade da execución do contrato fronte ao CIXUG, consonte o prego de cláusulas administrativas particulares, e aos termos do contrato, incluído o cumprimento das obrigas en materia ambiental, social ou laboral a que se refire o artigo 201 LCSP.

55.5 O coñecemento que CIXUG teña dos subcontratos celebrados polo contratista principal non altera a responsabilidade exclusiva deste fronte a CIXUG.

55.6 Os subcontratistas non terán acción directa fronte ó CIXUG polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

- 55.7 O contratista está obrigado a aboar ós subcontratistas o prezo pactado nos prazos e condicións previstos no artigo 216 LCSP, sen que sexa de aplicación o previsto na DA 51ª LCSP relativa ó pagamento directo ós subcontratistas.
- 55.8 O contratista non poderá subcontratar con persoas inhabilitadas para celebrar contratos co sector público de acordo co ordenamento xurídico ou comprendidas nalgún dos supostos do artigo 71 LCSP.
- 55.9 En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, trala adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a súa execución, ó órgano de contratación a súa intención de celebrar subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, e xustificando suficientemente a súa aptitude para executala por referencia ós elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia.

Así mesmo, xunto co escrito mediante o que se dea coñecemento a CIXUG do subcontrato que se vai celebrar, o contratista deberá acreditar que o subcontratista non se encontra incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71 LCSP. Esta acreditación poderase facer efectiva mediante declaración responsable do subcontratista.

- 55.10 O contratista principal deberá notificar por escrito ó órgano de contratación calquera modificación que sufra esta información durante a execución do contrato principal, e toda a información necesaria sobre os novos subcontratistas.
- 55.11 O contratista deberá informar os representantes das persoas traballadoras da subcontratación, de acordo coa lexislación laboral.
- 55.12 O CIXUG poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagamentos que o contratista deba efectuar os subcontratistas que participen na execución do contrato.

Para ese efecto, de conformidade co artigo 217.1 LCSP, o contratista deberalle remitir ó órgano de contratación, cando este o solicite, relación detallada daqueles subcontratistas que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación de cada un delas que cumpran unha relación directa co prazo de pagamento.

55.13 Os subcontratos e os contratos de subministración a que se refiren os artigos 215 a 217 terán en todo caso natureza privada.

55.14 En todo caso, será tamén de aplicación ós subcontratistas as esixencias sobre confidencialidade e sobre tratamento de datos de carácter persoal previstas neste PCAP.

CAPÍTULO X. Modificación e suspensión do contrato

Cláusula 56ª. Modificación do contrato

56.1 Modificacións ao abeiro do artigo 204 da LCSP:

56.1.1. De conformidade co previsto no artigo 204 da LCSP, o CIXUG poderá acordar, atendendo ás necesidades demandadas polas tres universidades públicas do SUG, incrementar as licenzas obxecto desta licitación nos seguintes termos:

a) Alcance:

- i. Ata un máximo de 5 Bloques de 1 SVC
- ii. Ata un máximo de 10 Bloques de 500 GB de almacenamento DDAS.
- iii. Ata un máximo de 20 Bloques de 500 GB de almacenamento DDAA.

b) Límites: Como máximo o 20 por 100 do prezo inicial.

c) Natureza: Trátase da subministración de unidades adicionais ás xa previstas inicialmente no contrato polo que non supón unha alteración da natureza do contrato.

56.1.2. O CIXUG poderá acordar unha ou varias modificacións, dentro dos límites legalmente establecidos, sempre e cando desde as universidades se lle solicitase a necesidade de incrementar o número de licenzas polas necesidades existentes. Para iso deberá constar o correspondente informe técnico que xustifique a necesidade da modificación.

56.1.3. Unha vez verificada a necesidade de modificar o contrato de conformidade co exposto con anterioridade, con carácter previo á formalización da modificación, daráselle audiencia ao adxudicatario para que, nun prazo de tres días, realice as alegacións que coide oportunas.

56.1.4. A modificación non pode supor o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato. Os prezos unitarios que serán

obxecto de aplicación serán os ofertados polos licitadores na súa oferta económica.

56.1.5. Publicarase a modificación nos termos legalmente establecidos.

56.1.6. As modificacións anteriores serán de obrigado cumprimento para o contratista.

56.2 Modificacións ao abeiro do artigo 205 da LCSP:

56.2.1. Este contrato poderase modificar por razóns de interese público nos casos e na forma previstos na subsección 4ª da sección 3ª do capítulo I do título I do libro segundo LCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191 LCSP, coas particularidades previstas no artigo 207 LCSP.

56.2.2. Este contrato poderá ser obxecto de modificación nos supostos e cos requisitos e condicións que prevé o artigo 205 LCSP.

56.2.3. As modificacións acordadas polo órgano de contratación serán obrigatorias para os contratistas nos termos establecidos no artigo 206 LCSP, debendo formalizarse conforme o disposto no artigo 153 LCSP e publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63 da citada lei.

Cláusula 57ª. Suspensión do contrato

57.1 O CIXUG, por razóns de interese público, poderá acordar a suspensión da execución do contrato. Igualmente, procederá a suspensión do contrato se se dese a circunstancia sinalada no artigo 198.5 LCSP. Para efectos da suspensión do contrato, observarase o disposto no artigo 208 LCSP, así como nos preceptos concordantes do RGLCAP.

57.2 De conformidade co artigo 208 LCSP e concordantes, se o CIXUG acordase a suspensión do contrato, ou esta tivese lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 LCSP, o CIXUG aboaralle ó contratista os danos e perdas efectivamente sufridos por este.

DA EXTINCIÓN DO CONTRATO

CAPÍTULO XI. Cumprimento do contrato

Cláusula 58ª. Extinción por cumprimentación

58.1 De conformidade co disposto no artigo 209 da LCSP, o contrato extínguese polo cumprimento do contrato.

- 58.2 O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realice a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido nos pregos, a satisfacción do CIXUG, a conformidade das cal se fará constar de forma expresa no prazo dun mes contado desde a realización do obxecto contractual.
- 58.3 Para o suposto en que a subministración obxecto do contrato non se encontren en condicións de seren recibidos, deixarase constancia de tal circunstancia e daranse as instrucións precisas ó contratista para que corrixa os defectos ou incumprimentos observados, ou proceda a unha nova execución de conformidade co que se pactou.
- 58.4 Si, malia se ter actuado conforme o indicado con anterioridade, os traballos efectuados non se adecúan á prestación contratada como consecuencia de vicios ou defectos imputables ó contratista, o CIXUG poderá rexeitar a subministración prestada, o que implicará que queda exenta da obriga de pagamento e, terá dereito, se é o caso, á recuperación do prezo satisfeito.
- 58.5 No prazo dun mes contado desde a data da acta de recepción ou de conformidade, deberase acordar e ser notificada ó contratista a liquidación do contrato e, se é o caso, aboárselle o saldo resultante.

CAPÍTULO XII. Da resolución do contrato

Cláusula 59ª. Resolución do contrato

- 59.1 Son causas de resolución do contrato as recollidas nos artigos 211 e 306 LCSP, así como as previstas neste PCAP e demais documentos que o integran.
- 59.2 De conformidade co artigo 211.2 LCSP, nos casos en que concorran diversas causas de resolución do contrato con diferentes efectos en canto ás consecuencias económicas da extinción, deberase atender á que apareza con prioridade no tempo.
- 59.3 A resolución do contrato será acordada polo órgano de contratación de conformidade co disposto no artigo 212.1 LCSP, mediante procedemento tramitado na forma regulamentariamente establecida.
- 59.4 Cando o contrato se resolva por incumprimento culpable do contratista seralle incautada a garantía e deberá, ademais, indemnizar a CIXUG os danos e perdas ocasionados no que excedan o importe da garantía incautada. A determinación dos danos e perdas que deba indemnizar o

contratista levará a cabo polo órgano de contratación en decisión motivada logo de audiencia deste, atendendo, entre outros factores, ó atraso que implique para o investimento proxectado e ós maiores gastos que ocasione o CIXUG.

- 59.5 Para a aplicación das causas de resolución aplicarase o disposto no artigo 212 LCSP e para os seus efectos ao disposto nos artigos 213 e 307 LCSP, así como, se é o caso, o disposto no desenvolvemento regulamentario.

Prego de cláusulas administrativas particulares informado favorable polo asesor xurídico do CIXUG, salvo no referente ás necesidades de contratación, competencia dos departamentos correspondentes, así como no que se refire á Fiscalización do gasto derivado deste contrato.

Foi. Electronicamente: Carlos Pérez Ramos.

De conformidade co establecido no artigo 122 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, De Contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, o órgano de contratación acorda aprobar este prego de cláusulas administrativas particulares que consta de clausulado e anexos.

Santiago de Compostela á data da firma electrónica,

D. Antonio López Díaz
Presidente

ANEXO I. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

De conformidade co artigo 100 LCSP, o orzamento base de licitación é o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE.

Neste acordo, o dito OBL é o seguinte:

Importe de licitación	Tipo IVA aplicable: 21%	Orzamento base de licitación
IVE excluído	Importe IVE	IVE incluído
241.800,00 €	50.778,00 €	292.578,00 €

O OBL foi elaborado de conformidade co disposto no artigo 100 LCSP. O seu cálculo inclúe os tributos de calquera índole.

A determinación do prezo realizouse con base na experiencia do CIXUG na contratación deste tipo de subministracións e considerando unha media dos prezos de mercado no momento actual.

Para a determinación do orzamento base de licitación utilizouse unha estimación, meramente orientativa, dos custos directos e indirectos derivados da execución da prestación que constitúe o obxecto do contrato, sen que a dita distribución entre custos directos e indirectos vincule de forma ningunha aos distintos licitadores. Este orzamento base de licitación responde á seguinte estrutura:

Costes directos	Costes indirectos	IVE
98%	2%	21%
236.964,00 €	4.836,00 €	50.778,00 €

En calquera caso, para o cálculo do prezo estimado, consideráronse os prezos unitarios das licenzas solicitadas, segundo as propostas dos licitadores do expediente de contratación inicial do proxecto UniSOC:

- **Expediente UDC-2022-0023:** Implantación dunha xeración de xestión de eventos e información de seguridade (Security Information and Event Management, en diante SIEM) en modalidade Software as a Service (SaaS), que proporcione servizo ás tres universidades públicas galegas. (

<https://www.contratosdegalicia.gal/licitacion?OP=50&N=805438&lang=gl>)

- Segundo estas propostas, os custos que serven de base para o cálculo do valor estimado do contrato son os seguintes:
 - Licenzas: 180.000 €
 - Ampliación de licenzas: 38.800 €
 - Soporte e mantemento de equipamento e software on premise: 20.000 €
 - Formación: 3.000 €
- Os importes anteriores no seu conxunto suman a cantidade de 241.800,00 € que coincide co importe da actual licitación.

A vixencia destes prezos foi debidamente actualizada.

ANEXO II. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

De cara á valoración das distintas ofertas tomaranse como referencia os seguintes criterios de adxudicación:

II.1. Criterios de adxudicación

i) Criterios non avaliados de forma non automática (baseados nun xuízo de valor)

(1) Criterio B.1: 20 puntos

Valorarase a adecuación da metodoloxía proposta ó contorno do proxecto. Que se considere que esta metodoloxía poida contribuir á consecución dos obxectivos indicados no PPT, especificamente a Administración da Plataforma SEIM, a Consultaría e Formación e o Soporte e Mantemento. Valorarase tamén a concreción na exposición e a ausencia de ambigüidades da proposta técnica.

(2) Criterio B.2: 10 puntos

Equipo de traballo: valorarase a súa formación, experiencia e certificacións nas solucións solicitadas no PPT.

ii) Criterios avaliados de forma automática

(1) Criterio C.1: Oferta Económica

Ata un máximo de 40 puntos:

$$P_v = \left[1 - \left(\frac{O_v - O_m}{IL} \right) \times \frac{1}{M} \right] \times P$$

Onde:

- P_v = Puntuación oferta valorada
- O_v = Oferta a valorar (en euros)
- O_m = Mellor oferta (en euros)
- IL = Importe da licitación
- M = Factor de Modulación = 1
- P = Puntuación máxima = 40

O Factor de Modulación para esta licitación será de 1 (Un).

(2) Criterio C.2: Cantidade de SVC (Splunk Virtual Compute) ofertados

Ata un máximo de 5 puntos:

- Fórmula: Puntos = $20 \times (N-10) / 10$
- Onde N= cantidade total de SVC ofertados

(3) Criterio C.3: Espazo de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Searchable (DDAS) ofertado

Ata un máximo de 10 puntos:

- Fórmula: $\text{Puntos} = 10 \times (\text{GB} - 13.500) / 13.500$
- Onde GB= cantidade total de Gigabytes ofertados de almacenamento DDAS

(4) Criterio C.4: Espazo de almacenamento de tipo Dynamic Data Active Archive (DDAA) ofertado

Ata un máximo de 10 puntos:

- Fórmula: $\text{Puntos} = 10 \times (\text{GB} - 41.500) / 41.500$
- Onde GB= cantidade total de Gigabytes ofertados de almacenamento DDAA

(5) Criterio C.5: Mellora nos tempos resolución de incidentes

Ata un máximo de 5 puntos:

- Fórmula: $P = (12 - T_c) + 0,05 (96 - T_{nc})$
- Onde:
 - T_c : tempo de resolución obxectivo ofertado para incidentes críticos, expresado en horas
 - T_{nc} : tempo de resolución obxectivo ofertado para incidentes non críticos, expresado en horas

ANEXO III. MODELO DE DOCUMENTO EUROPEO ÚNICO DE CONTRATACIÓN (DEUC)**III.1. ÍNDICE**

O presente formulario consta das seguintes partes e seccións (Trátase dun mero modelo. Utilícese o que xorde da páxina web da UE):

Parte I. Información sobre o procedemento de contratación e o poder adjudicador ou a entidade adjudicadora.....	83
Parte II. Información sobre o operador económico.....	83
Sección A. INFORMACIÓN SOBRE EL OPERADOR ECONÓMICO	83
Sección B. INFORMACIÓN SOBRE OS REPRESENTANTES DO OPERADOR ECONÓMICO	86
Sección C. INFORMACIÓN SOBRE O RECURSO Á CAPACIDADE DE OUTRAS ENTIDADES	86
Sección D. INFORMACIÓN RELATIVA AOS SUBCONTRATISTAS EN CUXA CAPACIDADE NON SE BASA O OPERADOR ECONÓMICO.....	87
Parte III. Motivos de exclusión	87
Sección A. MOTIVOS REFERIDOS A CONDENAS PENAIS	87
Sección B. MOTIVOS REFERIDOS AO PAGO DE IMPOSTOS OU DE COTIZACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL.....	88
Sección C. MOTIVOS REFERIDOS Á INSOLVENZA, OS CONFLICTOS DE INTERESES OU A FALTA PROFESIONAL	89
Sección D. OUTROS MOTIVOS DE EXCLUSIÓN QUE PODEN ESTAR PREVISTOS NA LEXISLACIÓN NACIONAL DO ESTADO MEMBRO DO PODER ADJUDICADOR OU DA ENTIDADE ADJUDICATARIA	93
Parte IV. Criterios de selección	93
Sección A. IDONEIDADE.....	93
Sección B. SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCEIRA.....	94
Sección C. CAPACIDADE TÉCNICA E PROFESIONAL	96
Sección D. SISTEMAS DE ASEGURAMENTO DA CALIDADE E NORMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL	100
Sección E. Redución del número de candidatos cualificados	101
Sección F. Declaracións finais	101

Parte I. INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDIMENTO DE CONTRATACIÓN E O PODER ADXUDICADOR (Identificación do contrato e a entidade contratante)	103
Parte II. INFORMACIÓN SOBRE O OPERADOR ECONÓMICO	103
Sección A. INFORMACIÓN SOBRE O OPERADOR ECONÓMICO	103
Sección B. INFORMACIÓN SOBRE OS REPRESENTANTES DO OPERADOR ECONÓMICO	104
Sección C. INFORMACIÓN SOBRE O RECURSO Á CAPACIDADE DE OUTRAS ENTIDADES	104
Sección D. INFORMACIÓN RELATIVA A LOS SUBCONTRATISTAS ...	104
Parte III. MOTIVOS DE EXCLUSIÓN (no servicio electrónico DEUC os campos dos puntos A, B e C desta parte veñen por defecto co valor 'Non' e teñen a utilidade de que o operador poida comprobar que non se encontra en causa de prohibición de contratar ou que, en caso de se atopar nalgunha, pode xustifica-la excepción)	104
Sección A. MOTIVOS REFERIDOS A CONDENAS PENAS. Motivos referidos a condenas penais establecidos no artigo 57, número 1, da Directiva.....	104
Sección B. MOTIVOS REFERIDOS AO PAGAMENTO DE IMPOSTOS OU DE COTIZACIÓNS Á SEG. SOCIAL. Pagamento de impostos ou de cotizacións á Seguridade Social (declara cumprimento de obrigas).....	104
Sección C. MOTIVOS REFERIDOS Á INSOLVENCIA, OS CONFLICTOS DE INTERESES OU A FALTA PROFESIONAL.	104
Sección D. OUTROS MOTIVOS DE EXCLUSIÓN QUE ESTEAN PREVISTOS NA LEXISLACIÓN NACIONAL. Motivos de exclusión puramente nacionais (se os hai, declaración ao respecto).....	104
Parte IV. CRITERIOS DE SELECCIÓN	104
Parte V. DECLARACIÓNS FINAIS (declaración responsable de veracidade e dispoñibilidade de documentos acreditativos da información facilitada, e consentimento de acceso a ela polo poder adxudicador).....	104

Parte I. Información sobre o procedemento de contratación e o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora

No caso dos procedementos de contratación nos que se publicou unha convocatoria de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, a información esixida na parte I obterase automaticamente, sempre que se utilice o servizo DEUC electrónico para xerar e cumprimentar o DEUC. Referencia do anuncio pertinente publicado no Diario Oficial da Unión Europea:

DOUE S [], data [], páxina []

Número do anuncio no DO S: [][][][]/S [][][]-[][][][][][][][]

Se non se publica unha convocatoria de licitación no DOUE, o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora deberán consignar a información que permita identificar de forma inequívoca o procedemento de contratación.

Se a publicación dun anuncio no Diario Oficial da Unión Europea non é obrigatoria, sívase facilitar outros datos que permitan identificar inequivocamente o procedemento de contratación (por exemplo, referencia da publicación a nivel nacional): []

INFORMACIÓN SOBRE O PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN

A información esixida na parte I obterase automaticamente, sempre que se utilice o servizo DEUC electrónico antes citado para xerar e cumprimentar o DEUC. De non ser así,

Identidade do contratante	Resposta
Nome:	[]
¿De que contratación se trata?	Resposta
Título ou breve descrición da contratación	[]
Número de referencia do expediente asignado polo poder adxudicador ou a entidade adxudicadora (no seu caso):	[]

A restante información en todas as demais seccións do DEUC será consignada polo operador económico.

Parte II. Información sobre o operador económico

Sección A. INFORMACIÓN SOBRE EL OPERADOR ECONÓMICO

Identificación	Resposta
Nome:	[]
Número de IVE, no seu caso:	[]
Se non se dispón de número de IVE, indíquese, no seu caso, cando se exixa, outro número de identificación nacional.	[]
Dirección postal:	[...]

<p>Persoa o persoas de contacto: Teléfono: Correo electrónico: Dirección internet (dirección da páxina web, no seu caso):</p>	<p>[...] [...] [...] [...]</p>
<p>Información xeral</p>	<p>Resposta</p>
<p>É o operador económico unha microempresa, unha pequena empresa ou unha mediana empresa?</p>	<p>Si Non</p>
<p>Unicamente en caso de contratación reservada: o operador económico é un taller protexido ou unha empresa social ou prevé que o contrato se execute no marco de programas de emprego protexido?</p> <p>Se a resposta é afirmativa,</p> <p>Cal é a correspondente porcentaxe de traballadores discapacitados ou desfavorecidos?</p> <p>En caso necesario, especifíquese a que categoría ou categorías pertencen os traballadores discapacitados ou desfavorecidos de que se trate.</p>	<p>Si Non</p> <p>[...]</p> <p>[...]</p>
<p>No seu caso, figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación?</p>	<p>Si Non Non procede</p>

<p>En caso afirmativo: Sírvese responder ás restantes preguntas desta sección, á sección B e, cando cumpra, á sección C da presente parte, cumprimente, cando cumpra, a parte V, e, en calquera caso, cumprimente e firme a parte VI.</p> <p>a) Indíquense o nome da lista ou certificado e o número de inscrición ou certificación pertinente:</p> <p>b) Se o certificado de inscrición ou a certificación están dispoñibles en formato electrónico, sírvase indicar:</p> <p>c) Indíquese as referencias nas que se basea a inscrición ou certificación e, no seu caso, a clasificación obtida na lista oficial:</p> <p>d) Abarca a inscrición ou certificación todos os criterios de selección esixida?</p> <p>En caso negativo: Sírvese consignar, ademais, a información que falte na parte IV, seccións A, B, C ou D, segundo proceda. UNICAMENTE, cando así o esixan o anuncio pertinente ou os pregos de contratación:</p> <p>e) Poderá o operador económico presentar un certificado con respecto ao pago das cotizacións á seguridade social e os impostos ou facilitar información que permita ao poder adxudicador ou á entidade adxudicadora obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera Estado membro que poida consultarse gratuitamente?</p> <p>Se a documentación pertinente está dispoñible en formato electrónico, sírvase indicar:</p>	<p>a) [...]</p> <p>b) (dirección da páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación) [...] [...] [...] [...]</p> <p>c)[...]</p> <p>d) Si Non</p> <p>e) Si Non</p> <p>(dirección da páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación): [...] [...] [...] [...]</p>
---	--

Forma de participación	Resposta
Está a participar o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?	Si Non

En caso afirmativo, asegúrese de que os demais interesados presentan un formulario DEUC separado.

En caso afirmativo:	
a) Indíquese a función do operador económico dentro do grupo (responsable principal, responsable de labores específicos, etc.):	a): [...]
b) Indíquese aos demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente:	b): [...] c): [...]
c) No seu caso, nome do grupo participante:	
Lotes	Resposta
No seu caso, indicación do lote ou lotes respecto dos caules o operador económico desexe presentar unha oferta:	<input type="checkbox"/>

Sección B. INFORMACIÓN SOBRE OS REPRESENTANTES DO OPERADOR ECONÓMICO

No seu caso, indíquense o nome e a dirección da persoa ou persoas habilitadas para representar ao operador económico a efecto do presente procedemento de contratación.

Representación, no seu caso	Resposta
Nome e apelidos:	[...];
Xunto coa data e lugar de nacemento, se procede:	[...]
Cargo/Capacidade na que actúa:	[...]
Dirección postal:	[...]
Teléfono:	[...]
Correo electrónico:	[...]
En caso necesario, facilítase información detallada sobre a representación (formas, alcance, finalidade, ...)	[...]

Sección C. INFORMACIÓN SOBRE O RECURSO Á CAPACIDADE DE OUTRAS ENTIDADES

Recurso	Resposta
Baséase o operador económico na capacidade doutras entidades para satisfacer os criterios de selección contemplados na parte IV e os criterios e normas (no seu caso) contemplados na parte V, máis abaixo?	Si Non

En caso afirmativo, facilítase un formulario DEUC separado por cada unha das entidades consideradas que recolla a información esixida nas seccións A e B desta parte e na parte III, debidamente cumprimentado e asinado por devanditas entidades.

Incluirase tamén aquí o persoal técnico ou os organismos técnicos que non estean integrados directamente na empresa do operador económico, especialmente os responsables do control da calidade e, cando se trata de contratos de obras, o persoal técnico ou os organismos técnicos dos que dispoña o operador económico para a execución da obra.

Sempre que resulte pertinente no que respecta á capacidade ou capacidades específicas en que se basee o operador económico, consígnase a información esixida nas partes IV e V por cada unha das entidades de que se trate.

Sección D. INFORMACIÓN RELATIVA AOS SUBCONTRATISTAS EN CUXA CAPACIDADE NON SE BASA O OPERADOR ECONÓMICO

Nesta sección cumprimentarase unicamente se o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora exixen expresamente tal información).

Subcontratación	Resposta
Ten o operador económico a intención de subcontratar algunha parte do contrato a terceiros?	Si Non En caso afirmativo e na medida que se coñeza este dato, enumérense os subcontratistas previstos: [...]

Se o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora solicitan expresamente tal información, ademais da contemplada na presente sección, facilítase a información requirida nas seccións A e B desta parte e na parte III por cada un dos subcontratistas, ou cada unha das categorías de subcontratistas en cuestión.

Parte III. Motivos de exclusión

Sección A. MOTIVOS REFERIDOS A CONDENAS PENAIS

O artigo 57, apartado 1, da Directiva 2014/24/UE establece os seguintes motivos de exclusión:

1. Participación nunha organización delituosa.
2. Corrupción.
3. Fraude.
4. Delitos de terrorismo ou delitos ligados ás actividades terroristas.
5. Branqueo de capitais ou financiamento do terrorismo.
6. Traballo infantil e outras formas de trata de seres humanos.

Motivos referidos a condenas penais con arranxo ás disposicións nacionais	Resposta
---	----------

de aplicación dos motivos enunciados no artigo 57, apartado 1. da Directiva 2014/24/UE	
<p>Foi o propio operador económico, ou calquera persoa que sexa membro do seu órgano de administración, de dirección ou de supervisión ou que teña poderes de representación, decisión ou control nel, obxecto, por algún dos motivos enumerados máis arriba, dunha condena en sentenza firme que se ditou, como máximo, nos cinco anos anteriores ou na que se estableceu directamente un período de exclusión que siga sendo aplicable?</p>	<p>Si Non</p> <p>Se a documentación pertinente está dispoñible en formato electrónico, sírvase indicar: (dirección da páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación): [...][...][...]</p>
<p>En caso afirmativo, indíquese:</p> <p>a) Data da condena, especificando de cal dos puntos 1 a 6 trátase e as razóns da mesma:</p> <p>b) Identificación da persoa condenada []:</p> <p>c) Na medida en que se estableza directamente na condena:</p>	<p>a) Data:[], punto(s): [], razón ou razóns: []</p> <p>b) []</p> <p>c) Duración do período de exclusión [...] e puntos de que se trate [];</p> <p>Se a documentación pertinente está dispoñible en formato electrónico, sírvase indicar: (dirección da páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación): [...][...][...]</p>
<p>En caso afirmativo, ¿adoptou o operador económico medidas para demostrar a súa credibilidade pese á existencia de ese motivo de exclusión (autocorrección)?</p>	<p>Si Non</p>
<p>En caso afirmativo, descríbanse as medidas adoptadas:</p>	<p>[...]</p>

Sección B. MOTIVOS REFERIDOS AO PAGO DE IMPOSTOS OU DE COTIZACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Pago de impostos ou de cotizacións á Seguridade social	Resposta
--	----------

Cumpriu o operador económico todas as súas obrigacións relativas ao pago de impostos ou de cotizacións á seguridade social, tanto no país no que está establecido como no Estado membro do poder adxudicador ou a entidade adxudicadora, si non coincide co seu país de establecemento?	Si Non	
En caso negativo, indíquese: a) País ou membro de que se trate b) A canto ascende o importe en cuestión? c) De que maneira quedou establecido ese incumprimento? 1. A través dunha resolución administrativa ou xudicial: - É esta resolución firme e vinculante? - Indíquese a data da condena ou resolución. - En caso de condena, e sempre que se estableza directamente nela, duración do período de exclusión. 2. Por outros medios. Especifíquese. d) Cumpriu o operador económico as súas obrigacións mediante pago ou acordo vinculante con vistas ao pago dos impostos ou das cotizacións á seguridade social que deba, incluídos, no seu caso, os intereses devindicados ou as multas impostas?	Impostos	Cotizacións Sociais
	a) [...] b) [...] c1) Si Non - Si Non - [...] - [...] c2) [...] d) Si Non En caso afirmativo, especifíquese: [...]	[...] [...] c1) Si Non - Si Non - [...] - [...] c2) [...] d) Si Non En caso afirmativo, especifíquese: [...]
Se a documentación pertinente relativa ao pago de impostos ou de cotizacións sociais está dispoñible en formato electrónico, sírvase indicar:	(dirección da páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación): [...][...][...][...]	

Sección C. MOTIVOS REFERIDOS Á INSOLVENZA, OS CONFLITOS DE INTERESES OU A FALTA PROFESIONAL

Información relativa a toda posible insolvencia, conflito de intereses ou falta profesional	Resposta
Segundo o seu leal saber e entender, incumpriu o operador económico as súas obrigacións nos ámbitos da lexislación laboral, social e medioambiental?	Si Non

	<p>En caso afirmativo, adoptou o operador económico medidas para demostrar a súa credibilidade pese á existencia dese motivo de exclusión (autocorrección)?</p> <p>Si No</p> <p>Se o ten feito, descríbanse as medidas adoptadas: [...]</p>
<p>Se atopa o operador económico nalgunha das seguintes situacións:</p> <p>a) En quebra</p> <p>b) Sometido a un procedemento de insolvencia o liquidación</p> <p>c) Celebrou un convenio cos seus acredores</p> <p>d) En calquera situación análoga resultante dun procedemento da mesma natureza vixente nas disposicións legais e regulamentarias nacionais</p> <p>e) Os seus activos están sendo administrados por un liquidador ou por un tribunal</p> <p>f) As súas actividades empresariais teñen sido suspendidas</p> <p>En caso afirmativo:</p> <p>- Especificíquese:</p> <p>- Indíquense os motivos polos cales o operador é, non obstante, capaz de executar o contrato, tendo en conta as disposicións e medidas nacionais aplicables no referente á continuación da actividade en tales circunstancias</p> <p>Se a documentación pertinente está dispoñible en formato electrónico, sívase indicar:</p>	<p>Si Non</p> <p>- [...]</p> <p>- [...]</p> <p>(dirección da páxina web, autoridade u organismo expedidor, referencia exacta da documentación): [...][...][...][...]</p>

<p>Tense declarado ao operador económico culpable dunha falta profesional grave?</p> <p>En caso afirmativo, especifíquese:</p>	<p>Si Non</p> <p>[...]</p>
	<p>En caso afirmativo, ten adoptado o operador económico medidas autocorrectoras?</p> <p>Si Non</p> <p>Se o ten feito, descríbanse as medidas adoptadas:</p> <p>[...]</p>
<p>Celebrou o operador económico acordos con outros operadores económicos destinados a falsear a competencia?</p> <p>En caso afirmativo, especifíquense:</p>	<p>Si Non</p> <p>[...]</p>
	<p>En caso afirmativo, ten adoptado o operador económico medidas autocorrectoras?</p> <p>Si Non</p> <p>Se o ten feito, descríbanse as medidas adoptadas:</p> <p>[...]</p>
<p>Ten o operador económico coñecemento dalgún conflito de xuros debido á súa participación no procedemento de contratación?</p> <p>En caso afirmativo, especifíquense:</p>	<p>Si Non</p> <p>[...]</p>
<p>Asesorou o operador económico ou algunha empresa relacionada con el ao poder adxudicador ou a entidade adxudicadora ou interveu doutra maneira na preparación do procedemento de contratación?</p>	<p>Si Non</p>

<p>En caso afirmativo, especifíquense:</p>	<p>[...]</p>
<p>Experimentou o operador económico a rescisión anticipada dun contrato público anterior, un contrato anterior cunha entidade adxudicadora ou un contrato de concesión anterior ou a imposición de danos e perdas ou outras sancións comparables en relación con ese contrato anterior?</p>	<p>Si Non</p> <p>[...]</p>
<p>En caso afirmativo, especifíquese:</p>	<p>En caso afirmativo, ten adoptado o operador económico medidas autocorrectoras?</p> <p>Si Non</p> <p>Se o ten feito, descríbanse as medidas adoptadas:</p> <p>[]</p>
<p>Pode o operador económico confirmar que:</p> <p>a) non foi declarado culpable de falsidade grave ao proporcionar a información exixida para verificar a inexistencia de motivos de exclusión ou o cumprimento dos criterios de selección,</p> <p>b) non ocultou tal información,</p> <p>c) puido presentar sen demora os documentos xustificativos exixidos polo poder adxudicador ou a entidade adxudicadora, e</p> <p>d) non intentau influír indebidamente no proceso de toma de decisións do poder adxudicador ou a entidade adxudicadora, obter información confidencial que poida conferirle vantaxes indebidas no procedemento de contratación, ou proporcionar por negligencia información enganosa que poida ter unha influencia importante nas decisións relativas á exclusión, selección ou adxudicación?</p>	<p>Si Non</p>

Sección D. OUTROS MOTIVOS DE EXCLUSIÓN QUE PODEN ESTAR PREVISTOS NA LEXISLACIÓN NACIONAL DO ESTADO MEMBRO DO PODER ADXUDICADOR OU DA ENTIDADE ADXUDICATARIA

Motivos de exclusión puramente nacionais	Resposta
<p>¿Son aplicables os motivos de exclusión puramente nacionais que se especifican no anuncio pertinente ou os pregos de contratación?</p> <p>Se a documentación esixida no anuncio pertinente ou os pregos da contratación está dispoñible en formato electrónico, sírvase indicar:</p>	<p>Si Non</p> <p>(dirección da páxina web, autoridade ou organismo expedidor, referencia exacta da documentación): [...][...][...][...]</p>
<p>No caso de que sexa aplicable calquera dos motivos de exclusión puramente nacionais, ¿adoptou o operador económico medidas autocorrectoras».? </p> <p>Se o fixo, descríbanse as medidas adoptadas:</p>	<p>Si Non</p> <p>[...]</p>

Parte IV. Criterios de selección

En relación aos criterios de selección (sección α ou seccións A a D da presente parte), o operador económico declara que:

α : INDICACIÓN GLOBAL RELATIVA A TODOS OS CRITERIOS DE SELECCIÓN

O operador económico só debe cumprimentar esta casilla se o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora o indicaron no anuncio pertinente ou nos pregos da contratación a que se refire o anuncio que o operador económico pode limitarse a cumprimentar a sección α da parte IV omitindo calquera outra sección da parte IV.

Cumprimento de todos os criterios de selección	Resposta
Cumpre os criterios de selección requiridos	Si Non

Sección A. IDONEIDADE

O operador económico só debe facilitar información cando o poder adxudicador ou a entidade adxudicadora exixan o cumprimento dos criterios de selección en cuestión no anuncio pertinente ou nos pregos da contratación a que se refire o anuncio.

Idoneidade	Resposta
Cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, potabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, ante o encargado do tratamento, este deberá comunicalo través do correo electrónico que utilice habitualmente coa persoa de contacto do responsable. Esta comunicación debe facer de forma inmediata, en ningún caso máis alá do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude, conxuntamente, se é o caso, con outras confirmacións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude.

Sétima. Dereito á información

Correspóndelle ao responsable facilitar o dereito de información no momento de recoller os datos.

OITAVA. Notificación de violacións da seguridade dos datos

O ENCARGADO DO TRATAMENTO notificaralle ó responsable do tratamento, sen dilación e, en calquera caso, antes do prazo máximo de 48 horas, a través de correo electrónico utilizado como medio de comunicación entre ámbalas partes, as violacións da seguridade dos datos persoais ó seu cargo das que teña coñecemento, xunto con toda a información relevante para a documentación e comunicación do incidente.

Considérase «violación da seguridade de datos persoais» toda violación da seguridade que ocasione a destrución, perda ou alteración accidental ou ilícita dos datos persoais transmitidos, conservados ou tratados doutra forma, ou a comunicación ou o acceso non autorizados dos ditos datos, segundo o disposto no Regulamento europeo de protección de datos e na Lei orgánica de protección de datos.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que esa violación da

seguridade constitúa un risco para os dereitos e liberdades das persoas físicas.

Se está dispoñible facilitarase, como mínimo e por escrito, a información seguinte:

1. Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, incluídos, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.

2. O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos, se é o caso, ou doutro punto de contacto en que poida obter máis información.

3. Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.

4. Descrición das medidas adoptadas ou propostas para pór remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

Se non fose posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase de maneira gradual sen dilación indebida.

NOVENA. Implementación das medidas de seguridade

O ENCARGADO DO TRATAMENTO deberá implantar as medidas de seguridade seguintes, necesarias para mante-la confidencialidade e integridade dos ficheiros mentres se encontren almacenados ou sexan transmitidos a través dos sistemas, equipamentos e dispositivos do ENCARGADO DO TRATAMENTO.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO garante o control efectivo do acceso e uso de calquera identificación de usuario e claves de acceso aos sistemas que estean disposición do ENCARGADO DO TRATAMENTO para os únicos efectos de prestar os servizos.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO comprométese a custodiar a información que lle sexa proporcionada coas debidas condicións de seguridade e protección contra terceiras persoas e dentro das normas de seguridade existentes. O ENCARGADO DO TRATAMENTO observase os ficheiros as normas de seguridade exixidas polo Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica (ENS).

En ningún caso, estes datos poderán ser copiados nin reproducidos a ningún outro soporte nin ordenador distinto do que albergase legalmente o ficheiro que os conteña, segundo conste na oportuna inscrición no Rexistro da Axencia de Protección de Datos e/ou no Rexistro Interno de Actividades de Tratamento.

Cabe excluír do parágrafo anterior as copias de seguridade (de Backup) ou de mantemento necesarias para a conservación correcta dos datos, así como as necesarias para o traslado ou comunicación autorizada dos datos, as cal, en todo caso, realizaranse de acordo co establecido para estas actividades no Real decreto 3/2010,

do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración electrónica (ENS).

Non obstante, deberá implantar mecanismos para:

- a) Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servicios de tratamento.
- b) Restaurar a dispoñibilidade e o acceso ós datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.
- c) Verificar, avaliar e valorar, de forma periódica, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.
- d) Pseudonimizar e cifra-los datos persoais, de ser o caso.

DÉCIMA. Destino dos datos

O ENCARGADO DO TRATAMENTO débese devolver ao responsable do tratamento os datos de carácter persoal e, se é o caso, os soportes onde consten unha vez concluída a prestación. Borrara a totalidade dos datos existentes nos equipos informáticos que utilizara o encargado, ou ben destruír os datos, unha vez que se cumpría a prestación por plena elección do Responsable. Unha vez que sexan destruídos, o ENCARGADO DO TRATAMENTO, mediante unha persoa apoderada, deberá certificar a súa destrución por escrito e entregarlle o certificado ao responsable de tratamento.

Sen prexuízo do anterior, o encargado pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres se poidan derivar responsabilidades da execución da prestación e/ou en cumprimento dos deberes impostos pola lei.

DÉCIMO PRIMEIRA. Responsabilidades do Responsable do Tratamento

O ENCARGADO DE TRATAMENTO garantirá o cumprimento íntegro dos deberes anteriores de confidencialidade e custodia. Así mesmo, en caso de que o ENCARGADO DO TRATAMENTO, actuando como tal, destine os datos a outra finalidade, comunique ou utilice incumprindo as estipulacións deste contrato, será considerado tamén RESPONSABLE DO TRATAMENTO e responderá directamente das infraccións en que incorrese.

DÉCIMO SEGUNDA. Deberes do responsable do tratamento

Correspóndenlle ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO os seguintes deberes:

- a) Entregarlle ao encargado os datos a que se refire a cláusula 2 deste documento.
- b) Realizar unha avaliación de impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamento que realizará o encargado, se é o caso.
- c) Realizar as consultas previas que correspondan.
- d) Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do

RGPD por parte do encargado.

e) Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.

DÉCIMO TERCEIRA. Notificacións

Calquera notificación que se efectúe entre as partes farase por escrito e será entregada persoalmente ou de calquera outra forma que certifique a recepción pola parte notificada, ao igual que o/os cambios de domicilio dunha das partes, que deberá ser notificado á outra de forma inmediata e por un medio que garante a recepción da mensaxe. Para levar a cabo as comunicacións necesarias ao longo da vixencia deste contrato estaban as persoas e as direccións que se indican no seu encabezado.

DÉCIMO CUARTA. Cláusulas xerais

A non esixencia por unha das partes de calquera dos seus dereitos de conformidade co presente contrato non implica unha renuncia para tales dereitos no futuro. A relación xurídica de tratamento dos datos que se constitúe entre as partes réxese por este único contrato. Este contrato, por tanto, é o único válido existente entre as partes en materia de tratamento dos datos persoais e substitúe calquera tipo de acordo ou compromiso anterior acerca do mesmo obxecto, xa sexa escrito ou verbal, e só poderá ser modificado por un acordo asinado por ámbalas partes.

Se se demostra que algunha estipulación deste contrato é nula, ilegal ou inasible, a validez, legalidade e esixibilidade do resto das estipulacións non se verán afectadas ou prexudicadas por aquela.

Este contrato e as relacións entre o RESPONSABLE DO TRATAMENTO E O ENCARGADO DO TRATAMENTO non constitúen en ningún caso sociedade, entidade conxunta, axenda nin contrato de traballo entre as partes.

Os encabezamentos das distintas cláusulas son só para efectos informativos, e non afectarán, cualificarán ou ampliarán a interpretación deste contrato.

DÉCIMO QUINTA. Lexislación aplicable e tribunais competentes

No previsto neste contrato, así como na interpretación e resolución dos conflitos que puidesen xurdir entre as partes como consecuencia del, será de aplicación a lexislación española e da Unión Europea.

Para resolver calquera controversia que se poida derivar deste contrato, ámbalas partes someteranse ó procedemento administrativo e á xurisdición dos xulgados e tribunais da Coruña, con renuncia expresa a calquera outro foro que lles puidese corresponder.

E en proba de conformidade co anteriormente estipulado, ambas as partes asinan este contrato (engadirase -por duplicado no lugar e data que se indican no encabezamento- se o contrato é asinado en papel).

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

ENCARGADO DO TRATAMENTO

Asinado

Asinado

VIII.2. Modelo de contrato de USC

Anexo

CONTRATO ENCARGADO DE TRATAMENTO.

En Santiago de Compostela, 01/07/2024.

XUNTAS

Dunha parte, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (USC), con NIF Q1518001A e enderezo social en Praza do Obradoiro, s/n - 15782 - Santiago de Compostela - A Coruña en diante, RESPONSABLE DO TRATAMENTO, e na súa representación onde Don/Dona.....

E doutra parte a empresa,, con NIF domicilio social en en diante te, ENCARGADA DO TRATAMENTO, e na súa representación Don/Dona.....

Ámbalas partes, recocéndose plena capacidade de obrar e capacidade para asinar este documento,

EXPOÑEN

Que a USC contratou a empresa para a realización de mediante o contrato de data e nº de expediente

Que a realización e execución do contrato implica que a USC como RESPONSABLE DO TRATAMENTO empregue os servizos da empresa como ENCARGADO DO TRATAMENTO

Que de conformidade co artigo 28 do REGULAMENTO (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016 do Parlamento Europeo e do Consello relativo á Protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación deles, ambas as partes conveñen en subscribir este contrato. o cal aceptan expresamente e de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

I. Obxecto do encargo

Mediante as presentes cláusulas habilitase a empresa como encargada do tratamento, para tratar o manexo por conta da USC, como responsable do tratamento, dos datos de carácter persoal necesarios para prestar o servizo de

O tratamento consistirá en:

II. Identificación da información afectada

Para a execución das prestacións derivadas do cumprimento do obxecto deste encargo, a UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, responsable do tratamento, poñen á disposición da empresa, encargada do tratamento, a información que se describe a continuación:

.....

.....

III. Duración

A duración deste acordo é a mesma que a do contrato do que trae causa.

IV. Obrigas do encargado do tratamento

O encargado do tratamento, e todo o seu persoal obrígase a:

Trata-los datos de acordo coas instrucións do responsable do tratamento.

Utiliza-los datos persoais obxecto do tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto do contrato. En ningún caso poderá utiliza-los datos para fins propios.

Levar un rexistro de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta de cada responsable, que conteña o tratamento obxecto deste documento.

Gardar segredo profesional, tanto o contratista como o persoal ó que encargue a realización das tarefas, sobre tódalas infraccións, documentos e asuntos ós que teña acceso ou coñecemento durante a vixencia do contrato, estando obrigado a non facer públicos ou divulgar cantos datos coñeza como consecuencia ou con ocasión da súa execución, mesmo despois de finaliza-lo prazo contractual.

Realizar unha memoria descritiva das medidas técnicas e organizativas que adoptará para velar pola seguridade dos datos manexados e da documentación facilitada. Deste xeito deberá implantar medidas de seguridade relativas a (i) pseudonimización e a cifra de datos persoais, e de ser o caso; (ii) da capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento; (iii) da capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico e do proceso de verificación, e (iv) da avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento

Comunicarlle á USC, antes de transcorridos sete días da data da sinatura deste contrato, a persoa ou persoas que serán directamente responsables da posta en

práctica das medidas de seguridade, así como, de ser obrigatorio, do seu delegado de protección de datos, achegando o seu perfil profesional.

Asistir ao responsable do tratamento na resposta ao exercicio dos dereitos de:

Acceso, rectificación, supresión e oposición.

Limitación do tratamento.

Portabilidade dos datos.

A non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís).

Cando as persoas afectadas exerzan os dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas diante do encargado do tratamento, este debe comunicalo por correo electrónico a Secretaría Xeral da USC. A comunicación débese facer de forma inmediata e en ningún caso máis alá do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude, xuntamente, se é o caso, con outras infraccións que poidan ser relevantes para resolver a solicitude.

Ó borrado de toda a información utilizada ou que derive da execución do contrato, mediante o procedemento técnico adecuado. A destrución da documentación de apoio, se non se considera indispensable, efectuarase mediante máquina destrutora de papel ou calquera outro medio que garante que sexa ilexible, efectuándose esta operación no lugar onde se realicen os traballos.

A non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto do contrato e que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos do encargado. Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar previamente e por escrito ao responsable, cunha antelación de 30 días, indicando os tratamentos que se pretenden subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca á empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderase levar a cabo se o responsable autoriza por escrito tal subcontratación.

A dar apoio ó responsable do tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos e de cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade, cando proceda.

A darlle apoio ao delegado de Protección de Datos da USC e ao responsable do tratamento na realización das consultas previas á autoridade de control, cando proceda.

A pór á disposición do responsable toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen o responsable ou outro auditor autorizado por el.

Garantir o coñecemento e a formación necesaria en materia de protección de datos persoais dos traballadores autorizados para tratar os datos persoais obxecto deste documento.

V.- Deberes do responsable de tratamento

Son deberes do responsable de tratamento, as seguintes:

Facilitar o dereito de información no momento da recollida dos datos.

Entregar, ou permitir o acceso, ao encargado dos datos aos que se refire a cláusula II deste documento.

Realizar unha avaliación do impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamento que se vai realizar polo encargado.

Realizar as consultas previas que correspondan.

Velar, de forma previa e durante o tratamento, polo cumprimento do RGPD por parte do encargado.

Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.

Pedir información relacionada coas análises de riscos en materia de protección de datos e para o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade.

Comunica-las violacións de seguridade dos datos á Autoridade de Protección de Datos.

VI.- Procedemento en caso de incidente de seguridade

O encargado do tratamento notificaralle ao responsable do tratamento e ao delegado de protección de datos da USC (dpd@usc.es), sen dilación indebida, e en calquera caso, antes do prazo máximo de 24 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación do incidente.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que a dita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se se dispón dela, facilitarase, como mínimo, a información seguinte:

Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, mesmo, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.

O nome e datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que se poida obter máis información.

Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.

Descrición das medidas adoptadas ou propostas para pór remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

Así mesmo, deberá darlle apoio ao delegado de Protección de Datos e ao responsable do tratamento na realización de cantas actuacións deriven dos incidentes de seguridade deberes do responsable de tratamento

Son deberes do responsable de tratamento, as seguintes:

Facilita-lo dereito de información no momento da recollida dos datos.

Entregar, ou permiti-lo acceso, ó encargado dos datos ós que se refire a cláusula II deste documento.

Realizar unha avaliación do impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamento que se vai realizar polo encargado.

Realizar as consultas previas que correspondan.

Velar, de forma previa e durante o tratamento, polo cumprimento do RGPD por parte do encargado.

Supervisa-lo tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.

Pedir información relacionada coas análises de riscos en materia de protección de datos e para o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade.

Comunica-las violacións de seguridade dos datos á Autoridade de Protección de Datos.

VI.- Procedemento en caso de incidente de seguridade

O encargado do tratamento notificaralle ao responsable do tratamento e ao delegado de protección de datos da USC (dpd@usc.es), sen dilación indebida, e en calquera caso, antes do prazo máximo de 24 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ao

seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación do incidente.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que a dita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se se dispón dela, facilitarase, como mínimo, a información seguinte:

Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, mesmo, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.

O nome e datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que se poida obter máis información.

Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.

Descrición das medidas adoptadas ou propostas para pór remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

Así mesmo, deberá darlle apoio ao delegado de protección de datos e ao responsable do tratamento na realización de cantas actuacións deriven dos incidentes de seguridade

RESPONSABLE DO TRATAMENTO

ENCARGADO DO TRATAMENTO

Asinado

Asinado

VIII.3. Modelo de contrato de UVI

CONTRATO DE ENCARGADO DE TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

Dunha parte

Manuel Joaquin Reigosa Roger, Reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da Comunidade Autónoma de Galicia 59/2018, do 31 de maio, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 109, do 8 de xuño de 2018, en representación da **UNIVERSIDADE DE VIGO**, con CIF Q8650002B e domicilio en Campus Universitario Lagoas-Marcosende s/n, 36310, Vigo, Pontevedra, en diante **Responsable do Tratamento**.

Doutra parte

(nome), (cargo) en representación de (**empresa/organismo**), con CIF () e con enderezo en () en diante **Encargada/ou do Tratamento**.

Obxecto do encargo do tratamento.

Mediante as presentes cláusulas habilitase o encargado do Tratamento, para tratar por conta da responsable do Tratamento, os datos de carácter persoal necesarios para prestar o servizo obxecto do contrato _____

Conforme o exixido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RGPD) e ademais, en relación a España, conforme a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)

O tratamento consistirá nas seguintes concrecións que se vai realizar: recollida, rexistro, estruturación, comunicación, modificación, conservación, extracción, consulta, transmisión, difusión, destrución, interconexión, cotexo, limitación, supresión, outros... (*borra-lo que non proceda*) dos datos de carácter persoal sinalados no punto 2.

Identificación da información afectada.

Para a execución das prestacións derivadas do cumprimento do obxecto deste encargo, a Responsable do Tratamento, pon á disposición da/o Encargada/ou do tratamento, a información que se describe a continuación:

Tipoloxía de Datos	Categoría de persoas interesadas
<u>Datos de identidade</u> (exemplo: nome e apelidos, DNI/NIF/Pasaporte, domicilio postal, correo electrónico, teléfono, asina, número da Seguridade Social/Muface, etc...)	Alumnado
<u>Datos de características persoais</u> (exemplo: sexo, idade, data e lugar de nacemento, etc....)	Persoal de administración e servizos
<u>Datos especiais</u> (artigo 9 do RGPD: orixe étnica ou racial, opinións políticas, conviccións relixiosas e filosóficas, afiliación sindical, datos xenéticos, datos biométricos, relativos a saúde, vida sexual ou orientación sexual)	Persoal docente e investigador Outras persoas físicas

<p><u>Datos de circunstancias familiares</u> (exemplo: familia numerosa, etc....)</p> <p><u>Datos económicos e financeiros</u> (exemplo: datos bancarios, declaración da renda e de patrimonio da unidade familiar, datos económicos de nóminas, etc....)</p> <p><u>Datos académicos e profesionais</u> (exemplo: formación académica, situación laboral e detalle do emprego, etc....)</p> <p><u>Outros:</u> imaxe, voz, etc..</p>	
---	--

Duración.

Este acordo ten unha duración polo tempo establecido para a prestación dos servizos.

Unha vez remate este contrato, a/o Encargada/ou do tratamento débese devolver á Universidade de Vigo, os datos persoais e suprimir calquera copia que estea no seu poder.

Obrigas da/o Encargado/a do Tratamento.

A/o Encargada/ou do Tratamento e todo o seu persoal obríganse a:

Utiliza-los datos persoais obxecto do tratamento, ou os que recolla para a súa inclusión, só para a finalidade obxecto deste encargo. En ningún caso poderá utiliza-los datos para fins propios.

Tratar os datos de acordo coas instrucións dá a Responsable do Tratamento.

Se a/o Encargada/ou do Tratamento considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición en materia de protección de datos da Unión ou dos Estados membros, a encargada informará inmediatamente á Universidade de Vigo.

Levar por escrito, un rexistro¹ de todas as categorías de actividades de tratamento efectuadas por conta da Universidade de Vigo, que conteña:

O nome e os datos de contacto da/o encargada/ou e da Responsable do Tratamento por conta da cal actúe e da/o delegada/ou de Protección de Datos.

As categorías de tratamentos efectuados por conta da Responsable do Tratamento.

Se é o caso, as transferencias de datos persoais a un país terceiro ou organización internacional, incluída a identificación do dito país terceiro ou organización internacional e, se é o caso, das transferencias indicadas no artigo 49 número 1, parágrafo segundo do RGPD, a documentación de garantías adecuadas.

Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas a:

A seudonimización e o cifrado de datos persoais.

A capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos de tratamento.

¹ As obrigas indicadas nos números 1 e 2 non se aplicarán a ningunha empresa nin organización que empregue menos de 250 persoas, salvo que o tratamento que realice poida supoñer un risco para os dereitos e as liberdades das persoas interesadas, non sexa ocasional, ou inclúa categorías especiais de datos persoais indicadas no artigo 9, número 1 do RGPD, os datos persoais relativos a condenas e infraccións penais a que se refire o artigo 10 do dito regulamento (art 30.5 RGPD)

A capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

O proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.

Non comunica-los datos a terceiras persoas, agás que conste coa autorización expresa da Responsable do Tratamento, nos supostos legalmente admisibles.

A/o Encargada/o pode comunicar os datos a outros encargados de tratamento dela responsable, de acordo coas instrucións da Universidade de Vigo. Neste caso, a Responsable identificará, de forma previa e por escrito, a entidade á que se deben comunicar os datos, os datos a comunicar e as medidas de seguridade que se vai aplicar para proceder á comunicación.

Se a/o Encargada/ou debe transferir datos persoais a un país terceiro ou a unha organización internacional, en virtude do dereito da Unión ou dos Estados membros que lle sexa aplicable, informará a Universidade de Vigo desa exixencia legal de forma previa, salvo que tal dereito o prohiba por razóns importantes de interese público.

Non subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto deste contrato que comporten o tratamento de datos persoais, salvo os servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento dos servizos da/o encargada/o.

Se fose necesario subcontratar algún tratamento, este feito deberase comunicar previamente e por escrito á Universidade de Vigo, con antelación ao comezo das prestacións obxecto do contrato. Indicando os tratamentos que se pretenden subcontratar e identificando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista e os seus datos de contacto. A subcontratación poderase levar a cabo se a responsable non manifesta a súa oposición no prazo establecido.

O subcontratista, que tamén terá a condición de Encargada/ou do Tratamento, está obrigado igualmente a cumprir as obrigas establecidas neste documento para o encargado do tratamento e as instrucións que dite a Universidade de Vigo. Correspóndelle ao encargado inicial regular a nova relación de forma que o novo encargado quede suxeito ás mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade...) e cos mesmos requisitos formais que el, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e á garantía dos dereitos das persoas afectadas. No caso de incumprimento por parte da/o subencargada/ou, o encargado inicial seguirá sendo plenamente responsable ante a Universidade de Vigo no referente ao cumprimento das obrigas.

Manter o deber de segredo respecto dos datos de carácter persoal aos que tivese acceso en virtude deste encargo, mesmo despois de que finalice o seu obxecto.

Garantir que as persoas autorizadas para tratar datos persoais se comprometan, de maneira expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que hai que informalos convenientemente.

Manter á disposición da responsable do tratamento a documentación acreditativa do cumprimento da obriga establecida no punto anterior.

Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar datos persoais.

Asistir á responsable do tratamento que con carácter xeral dará resposta ao exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión e oposición, limitación do tratamento, portabilidade de datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas (incluída a elaboración de perfís).

Cando as persoas interesadas exerzan os dereitos ante a/o encargada/ou do Tratamento, esta deberá comunicalo sen dilación á responsable do Tratamento e en ningún caso máis alá do día laborable seguinte ao da recepción da solicitude.

A responsable do Tratamento solicitará da/o Encargada/ou do Tratamento, se é o caso, un informe relativo á petición do dereito correspondente que poderá ser xunto coa documentación ou información que poida ser relevante. O dito informe deberá ser emitido no prazo máximo de **10 días hábiles**. O informe emitido poderá ser incorporado á resolución do procedemento.

A/o Encargada/o do Tratamento tamén poderá resolver as ditas solicitudes se llo indica expresamente ao Responsable do Tratamento e respectando os prazos e o procedemento estipulado no Regulamento (UE) 2016/679 e na normativa propia da Universidade de Vigo. Cómpre que a persoa interesada acredite a súa identidade achegando copia do seu DNI ou pasaporte para poder realizar as comprobacións oportunas. A resposta ás solicitudes do exercicio de dereitos realizarase no mesmo formato que utilice a persoa interesada, a menos que solicite que proceda doutra forma.

Así mesmo, as persoas interesadas poderanse pór en contacto co Delegado de Protección de Datos da Universidade de Vigo no que respecta a todas as cuestións relativas ao tratamento dos seus datos persoais e ao exercicio dos seus dereitos a través do correo electrónico dpd@uvigo.es

Dereito de información. A/o Encargada/ou do tratamento, no momento da recollida dos datos, debe facilitar a información relativa aos tratamentos de datos que se van realizar. A redacción e o formato en que se facilitará a información débese consensuar coa Universidade de Vigo antes do inicio da recollida dos datos.

Notificación de violación da seguridade dos datos.

A/o Encargada/ou do Tratamento notificaralle á Axencia Española de Protección de datos e comunicarlle á Xerencia da Universidade, sen dilación indebida, e en calquera caso no prazo máximo de 24 horas, as violacións da seguridade dos datos persoais ó seu cargo das que teña coñecemento, xuntamente con toda a información relevante para a documentación e comunicación da incidencia.

Non será necesaria a notificación cando sexa improbable que a dita violación da seguridade constitúa un risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas.

Se se dispón dela facilitarase, como mínimo, a información seguinte:

Descrición da natureza da violación da seguridade dos datos persoais, inclusive, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de persoas interesadas afectadas, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.

Nome e datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no que se poida obter máis información.

Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.

Descrición das medidas adoptadas ou propostas para pór remedio á violación de seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.

Se non é posible facilitar a información simultaneamente, e na medida en que o sexa, a información facilitarase de forma gradual sen dilación indebida.

Cando sexa probable que a violación supoña un alto risco para os dereitos e as liberdades das persoas físicas, correspóndelle á responsable do Tratamento comunicar en menor tempo posible as violacións dá seguridade dos datos ás persoas interesadas.

A comunicación débese realizar nunha linguaxe claro e sinxelo e deberá, como mínimo:

Explicar a natureza da violación de datos.

Indica-lo nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto non que se poida obter máis información.

Describir as posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais. Describir as medidas adoptadas ou propostas pola responsable do Tratamento para pór remedio á violación da seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, ás medidas adoptadas para mitiga-los posibles efectos negativos.

Dar apoio á Responsable do Tratamento na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos, cando proceda.

Dar apoio á Responsable do Tratamento na realización das consultas previas á autoridade de control, cando proceda.

Poñer á disposición dá a Responsable do Tratamento toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, así como para a realización das auditorías ou as inspeccións que realicen a responsable ou outro auditor autorizado por ela.

Implantar as medidas de seguridade establecidas na normativa da Unión Europea ou española e en todo caso deberá implantar mecanismos para:

Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servicios de tratamento.

Restaura-la dispoñibilidade e o acceso ós datos persoais de forma rápida, no caso de incidente físico ou técnico.

Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

Seudonimizar e cifra-los datos persoais, se é o caso.

De ser o caso, designar un delegado de protección de datos e comunicar a súa identidade e datos de contacto á Universidade de Vigo.

Segundo o artigo 37.1 do RGPD o delegado de Protección de Datos débese designar cando o tratamento o leve a cabo unha autoridade ou organismo público. cando as actividades principais do responsable ou da/o encargada/o consistan en operacións de tratamento que, en razón á súa natureza, alcance e/ou fins, requiran unha observación habitual e sistemática de persoas interesadas a gran escala ou cando as actividades principais do responsable ou do encargado consistan no tratamento a gran escala de categorías especiais de datos segundo o disposto no artigo 9 do RGPD.

- I. Destino dos datos: Devolver á Universidade de Vigo os datos de carácter persoal y, se procede, os soportes onde consten, unha vez cumprida a prestación. A devolución debe comportar o borrado total dos datos existentes nos equipos informáticos utilizados pola/polo Encargada/o.

Non obstante, a/o Encargada/o pode conservar unha copia, cos datos debidamente bloqueados, mentres poidan derivarse responsabilidades da execución da prestación.

1. Obrigações da Universidade de Vigo

Correspóndelle á Universidade de Vigo, como Responsable do Tratamento:

- a) Entregar á/ao Encargada/o os datos aos que se refire a cláusula 2 deste documento.
- b) Realizar unha avaliación de impacto na protección de datos persoais das operacións de tratamento a realizar pola/polo Encargada/o.
- c) Realizar as consultas previas que corresponda.
- d) Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do RGPD por parte da/o Encargada/o.
- e) Supervisar o tratamento, incluída a realización de inspeccións e auditorías.

Ambas partes, en proba da súa conformidade, asinan en Vigo o presente acordo.

RESPONSABLE DO TRATAMIENTO

Universidade de Vigo

O Reitor

Por Delegación ()

(nome)

ENCARGADA/O DO TRATAMENTO

(empresa)

(cargo)

(nome)